

Informe sobre o envelhecimento no mercado de traballo galego

XUNTA DE GALICIA

Informe sobre o envelhecimento no mercado de traballo galego

Edita:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

Coordinación:

Marisa Mallo Fernández
M^a José Cortés Jiménez

Equipo técnico:

Juan Cirilo Arnosa Casal
Sergio Cantalejo Díez
Rosa M^a Fernández Fernández
Ricardo Fernández López
M^a del Mar Martínez Besada
M^a Esther Sánchez González
M^a Belén Yáñez Barge
Eva Uriach Masgoret
Tomás González Mouriño

Equipo auxiliar:

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Dep. legal:

C 3967-2008

Diseño e maquetación:

Stephane Aller Creaciones

Impresión:

Grafisant S.L.

● Índice

1. Introducción	5
2. Definicións	6
3. Características demográficas	8
3.1 Datos de poboación	8
3.2 Movemento natural e migracións	10
3.3 Fecundidade e mortalidade	11
3.4 Esperanza de vida ao nacer	14
3.5 Análise da poboación por idades	14
3.6 Indicadores da estrutura da poboación	18
3.7 Comunidade estranxeira en Galicia	22
4. Consecuencias do envellecemento da poboación no mercado laboral	24
4.1 Poboación en idade de traballar	24
4.2 Índices de dependencia económica	26
4.3 Taxas de actividade e ocupación	28
4.3.1 Poboación activa e ocupada	34
4.3.2 Poboación inactiva	36
4.4 Paro rexistrado	38
4.5 Afiliación á Seguridade Social	43
4.5.1 Afiliados autónomos	44
4.5.2 Afiliados estranxeiros	45
4.5.3 Relación entre afiliados e pensionistas	47
4.6 Contratos	48
4.7 Salarios	50
4.8 Reserva de man de obra	51
5. Proxeccións demográficas e de actividade	52
5.1 Proxeccións demográficas	52
5.2 Proxeccións de actividade	54
6. Conclusións	58
7. Fontes bibliográficas e estatísticas	63

● 1. Introducción

O envellecemento demográfico constitúe unha transformación na estrutura por idades da poboación. Implica un aumento no tamaño relativo dos grupos das idades máis altas e unha redución progresiva na presenza de todos os demais, entre eles os que conforman a denominada forza de traballo, entendida como a poboación que ten entre 16 e 64 anos.

Galicia está sendo considerada como unha das comunidades máis envellecidas de Europa polas características da súa poboación e os indicadores demográficos que obtén no transcorrer do tempo. Poderíamos dicir que este envellecemento vén precedido por catro aspectos fundamentais que inciden de maneira directa na nosa comunidade: un notable incremento da esperanza de vida, unha perda de poboación nova emigrada para buscar alternativas noutros territorios, baixa natalidade e, por último, a escasa contribución que a inmigración ten na poboación galega.

Estes cambios demográficos traen consigo grandes retos e consecuencias negativas para o mercado laboral. Poderíamos dicir que os máis importantes son a diminución da poboación activa máis nova e a importancia que cobran os colectivos dependentes dunha poboación en idade de traballar que tende a reducirse.

Neste informe intentaremos mostrar a evolución nos últimos anos deses indicadores que caracterizan a realidade demográfica de Galicia, así como as consecuencias derivadas deses cambios no ámbito do mercado laboral. Este último punto analizáremolo a través dos parámetros máis representativos, como son a actividade, ocupación, paro, contratación, afiliación e datos sobre pensións.

Tamén exporemos os datos que se recollen das proxeccións elaboradas para os vindeiros anos, no tocante á evolución do volume de poboación e tendencias de actividade.

A análise estará baseada nos datos elaborados por fontes de información estatística como o Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estatística, ademais doutros como o Servizo Público de Emprego de Galicia ou a Oficina de Estatística da Unión Europea (EUROSTAT).

● 2. Definicións

Taxa bruta de natalidade. Nº de nacementos por cada mil habitantes.

$$TBN = (N / P) * 1000$$

Taxa bruta de mortalidade. Nº de defuncións por cada mil habitantes.

$$TBM = (D / P) * 1000$$

Taxa xeral de fecundidade. Nº de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil (15 a 49 anos).

$$TXF = (N / Pf_{15-49}) * 1000$$

Índice sintético de fecundidade ou número medio de fillos por muller. Representa o número esperado de fillos por muller ao longo da súa vida fértil (de 15 a 49 anos). Obtense como a suma das taxas específicas de fecundidade por idade.

$$ISF = \sum f_x \cdot x \cdot 1$$

Idade media. Media aritmética das idades dos individuos que compoñen unha poboación.

Índice de envellecemento. Relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20.

$$Ie = (P_{>64} / P_{<20}) * 100$$

Índice de sobreenvellecemento. Relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos.

$$Ise = (P_{>84} / P_{>64}) * 100$$

Esperanza de vida ao nacer. Número medio de anos que vivirán os membros dunha xeración ficticia de acordo co patrón de mortalidade vixente.

Índice de dependencia global. Relación entre os grupos de poboación economicamente dependentes (poboación menor de 20 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

$$Idg = ((P_{<20} + P_{>64}) / P_{20-64}) * 100$$

Índice de dependencia senil. Relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

$$Ids = (P_{>64}) / (P_{20-64}) * 100$$

Índice de dependencia xuvenil. Relación entre a poboación nova (poboación menor de 20 anos) e a poboación potencialmente activa (poboación entre 20 e 64 anos).

$$Idx = (P_{<20}) / (P_{20-64}) * 100$$

Paro rexistrado. Trátase do total de demandas existentes o último día do mes que se atopan en situación de alta, excluindo aquelas demandas nas situacións descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985.

Poboación activa. É o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos. Abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados. Persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

- Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
- Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Taxa de actividade. Porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (poboación de 16 ou máis anos).

Taxa de ocupación. Porcentaxe de ocupados sobre a poboación de 16 ou máis anos.

3. Características demográficas

3.1. DATOS DE POBOACIÓN

As cifras oficiais publicadas periodicamente polo Instituto Nacional de Estatística a partir do padrón municipal de habitantes ofrecen os seguintes datos para comezar a analizar a evolución da poboación.

Poboación entre os anos 1960 e 2000

	1960	1970	1981	1991	2000
Galicia	2.602.962	2.583.674	2.753.836	2.720.445	2.731.900
España	30.582.936	33.956.047	37.742.561	39.433.942	40.499.791

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Unidades: persoas.

Co fin de lograr unha análise descritiva que abarque un período o suficientemente amplo, tomamos como referencia a evolución producida dende o ano 1960 ata o ano 2000. A poboación española medrou máis que a galega; en termos porcentuais, Galicia experimenta un crecemento dun 4,95%, mentres que o aumento no conxunto do Estado é dun 32,42%.

Este crecemento, que poderíamos denominar como reducido, non é privativo da nosa comunidade, repetíndose a mesma evolución demográfica nas restantes comunidades autónomas do oeste do noso país.

Se observamos a evolución máis recente, os últimos dez anos podemos dicir que están caracterizados por unha certa estabilidade. A partir do ano 2002 ambas as tendencias, a galega e a española, mostran unha gran similitude. No caso galego as provincias da Coruña e Pontevedra gañan habitantes dunha maneira continuada e, pola contra, Lugo e Ourense sofren un notable descenso nese ritmo de crecemento anual, tal como indican as seguintes variacións, chegando a perder practicamente 19.000 habitantes nos últimos sete anos.


Variación da poboación no período 2000 a 2007

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Variacións da poboación 2000-2007	
									Variación absoluta	Variación media anual
España	40.499.791	41.116.842	41.837.894	42.717.064	43.197.684	44.108.530	44.708.964	45.200.737	4.700.946	1,58
Galicia	2.731.900	2.732.926	2.737.370	2.751.094	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533	40.633	0,21
A Coruña	1.108.419	1.108.002	1.111.886	1.120.814	1.121.344	1.126.707	1.129.141	1.132.792	24.373	0,31
Lugo	365.619	364.125	361.782	360.512	358.452	357.625	356.595	355.176	-10.443	-0,41
Ourense	345.241	344.623	343.768	342.213	340.258	339.555	338.671	336.926	-8.315	-0,35
Pontevedra	912.621	916.176	919.934	927.555	930.931	938.311	943.117	947.639	35.018	0,54

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Unidades: persoas.

En canto á distribución territorial da poboación galega, podemos afirmar que esta se concentra nas cidades e na parte máis occidental da comunidade, existindo ademais unha gran dispersión cun número moi elevado de núcleos. Esta situación vén provocada maioritariamente polo fenómeno migratorio acontecido dende mediados dos anos setenta na nosa comunidade.

A concentración de habitantes no considerado eixe atlántico (provincias da Coruña e Pontevedra) é o que fai que os problemas demográficos de Galicia non sexan homoxéneos, como veremos máis adiante; mesmo atopamos distintos comportamentos de natalidade e mortalidade entre as zonas urbanas e rurais, podendo falar de varios modelos demográficos interrexionais.



3.2. MOVEMENTO NATURAL E MIGRACIÓNS

A evolución da poboación é totalmente dependente do crecemento natural e dos movementos migratorios producidos. Dende 1987 véñse producindo un crecemento natural negativo en Galicia que acada o seu valor máis reducido no ano 1999.

Nos últimos catro anos experimentamos un pequeno aumento das emigracións que se producen ao estranxeiro e unha diminución da mobilidade orientada ao resto de España; produto desta tendencia, non se aprecian especiais variacións no volume total de emigracións. Nos últimos anos o saldo migratorio (inmigracións menos emigracións) é positivo, aínda que dende 1988 se mantén superior ao crecemento vexetativo.

En canto ás emigracións, o que cabería destacar é o feito de que aproximadamente un 60% das persoas que optan por saír de Galicia, nos últimos cinco anos atópanse nos tramos de idade intermedia, o que provoca que a idade media da poboación tenda a aumentar.

Movemento natural e migracións. Ano 2006. Galicia

Nacementos	21.392
Defuncións	29.389
Saldo vexetativo	-7.997
Emigración a outras CCAA	21.372
Emigración ao estranxeiro	3.909
Inmigración doutras CCAA	19.934
Inmigración do estranxeiro	22.948
Saldo migratorio	17.601

Fonte: INE. Estatística de variacións residencias.
Elaboración IGE a partir dos ficheiros proporcionados polo INE.

En termos xerais, Galicia é unha das comunidades que presenta uns valores máis baixos en canto a saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) dentro do territorio nacional. Se atendemos aos resultados obtidos no conxunto español no ano 2006, observamos que o mesmo indicador é positivo (111.479 persoas en total).

Contemplando os datos dunha maneira máis desagregada, vemos como as catro provincias galegas obteñen no ano 2006 saldos negativos, sendo Pontevedra a provincia cuxo valor se mostra máis reducido (-117 persoas). As defuncións superan os nacementos en Lugo e Ourense nun total de 2.758 e 2.534 respectivamente.

Pódese deducir que o pouco crecemento de poboación que se está a experimentar en Galicia (40.633 habitantes dende o ano 2000) non é debido ao crecemento natural negativo que se está a producir, senón que se trata do paulatino crecemento das inmigracións, sobre todo das procedentes do estranxeiro, e que indubidablemente están a impulsar en certa medida o crecemento demográfico galego.

3.3. FECUNDIDADE E MORTALIDADE

A taxa bruta de natalidade é o factor que máis incide no volume e estrutura dunha poboación; axúdanos a comprender o seu crecemento e evolución. No ano 2006, en función dos últimos datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, a taxa para Galicia sitúase nun 7,7 por 1.000, 3 puntos por debaixo da taxa obtida por España e Europa no mesmo ano.


Indicadores de fecundidade e mortalidade. Ano 2006.

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Taxa bruta de natalidade	10,96	7,7	7,9	5,8	5,8	8,8
Taxa bruta de mortalidade	8,43	10,6	10,1	13,6	13,8	8,9
Taxa xeral de fecundidade	43	31,5	31,8	25,9	27	34,4
Índice sintético de fecundidade	1,38	1,02	1,02	0,88	0,90	1,10

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Ata o ano 2001, o continuado descenso da fecundidade propiciou a paralela redución das taxas de natalidade, algo común en todos os países europeos. No ano 1975 os datos daban para Galicia, unha taxa de natalidade dun 16,13%, pasando a converterse no ano 1996 nun 6,78%. Este dato aínda era, e continúa a ser, notablemente inferior nas comarcas que conforman as provincias de Lugo e Ourense.

Evolución das taxas demográficas en Galicia 1975 - 2006



Fonte: IGE. Indicadores demográficos

A finais dos anos 90 empeza a notarse unha lenta recuperación nos índices de natalidade en Galicia. Dende o ano 2001 esta tendencia tende a afianzarse. Superamos as 100.000 persoas de 0 a 4 anos nos anos 2006 e 2007. Gran parte desta recuperación débese aos nacementos de nai foránea, que xa chegan a representar o 5,7% do total de nacementos en Galicia. En España este dato é superior: un 16,5% dos nacementos producidos no ano 2006 son de nai non nacional.

A tendencia recente de crecemento dos índices de natalidade é observable nas catro provincias galegas; no entanto, este dato contrarresta coa caída máis pronunciada que tiveron Lugo e Ourense en anos anteriores, estando situadas ambas as provincias nos niveis máis baixos do Estado.

O índice sintético de fecundidade exige un valor de 2,1 fillos por muller, para que, en condicións de mortalidade reducida, se poidan renovar as xeracións. A pesar das melloras nos últimos datos obtidos, seguimos a ter valores moi reducidos; de feito, en Lugo e Ourense a media por muller segue sendo inferior a 1. Pontevedra e A Coruña presentan datos máis favorables.

Todos eles se presentan lonxe dos niveis europeos; no ano 2005 obtíñanse un índice de 1,59 para o conxunto dos estados.

En canto á mortalidade, Galicia está entre as comunidades coas taxas máis altas do Estado. A nosa comunidade no ano 2006 tiña unha taxa bruta de 10,6 por 1.000, mentres que o conxunto do Estado tiña un valor do 8,43. Igual que ocorre cos datos de natalidade, existen grandes diferenzas entre as provincias orientais e occidentais. Lugo e Ourense teñen as taxas máis elevadas, posto que son os territorios máis envellecidos. Este índice depende directamente do de envelhecimento que analizaremos a continuación.

Por comarcas, observamos os seguintes datos¹:

COMARCAS GALICIA 2006	Taxa bruta de natalidade (número nacementos por cada 1.000 hab.)	Taxa bruta de mortalidade (número defuncións por cada 1.000 hab.)	Taxa xeral de fecundidade (número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil)
Arzúa	5	12,5	23,5
A Barbanza	9	9,7	35,8
A Barcala	5,8	13,7	26,3
Bergantiños	6,9	10,4	29,1
Betanzos	6	13,6	27,4
A Coruña	8,9	9	34,2
O Eume	5,7	12,1	23,1
Ferrol	7,5	11,4	31,3
Fisterra	6,8	10,5	28,6
Muros	5,6	12,2	25,4
Noia	6,4	11,4	27,6
Ordes	7	10,6	29,4
Ortegal	4,4	14,8	22,1
Santiago	9,2	8,2	33,9
O Sar	8,1	10,5	33
Terra de Melide	5,1	11,2	24,3
Terra de Soneira	5,7	11,6	25,6
Xallas	5,7	12,4	25,5
Os Ancares	3,1	18,4	17,4
Chantada	3,9	18,1	20

1. Destacamos en vermello os cinco valores máis elevados e reducidos nas tres taxas.

COMARCAS GALICIA 2006	Taxa bruta de natalidade (número nacementos por cada 1.000 hab.)	Taxa bruta de mortalidade (número defuncións por cada 1.000 hab.)	Taxa xeral de fecundidade (número de nacementos por cada 1.000 mulleres en idade fértil)
A Fonsagrada	2,3	15,3	13,5
Lugo	7,5	10,4	29,6
A Mariña Central	6,7	12,7	28,6
A Mariña Occidental	6,6	12	27,7
A Mariña Oriental	6,2	13,6	28
Meira	2,8	14,7	14,9
Quiroga	2,5	17,8	13,9
Sarria	5	16,2	23,4
Terra Chá	4,3	14,1	21,2
Terra de Lemos	4,8	18	24,7
A Ulloa	4,6	16,6	24,5
Allariz-Maceda	4,5	16,5	24,1
A Baixa Limia	2,8	18,6	17,6
O Carballiño	4,8	15,7	24,1
A Limia	4,7	14,3	25,5
Ourense	7,6	11,2	30,5
O Ribeiro	3,4	16,2	18,5
Terra de Caldelas	2,6	20	18,6
Terra de Celanova	3,4	17	20,4
Terra de Trives	2,6	20,4	15,6
Valdeorras	6,6	13,1	29,1
Verín	5	14,9	24,3
Viana	3,7	18,9	20,3
O Baixo Miño	8,8	9,4	34,6
Caldas	7,9	10,6	32,3
O Condado	9,2	10	37,4
Deza	6,2	11,9	27,4
O Morrazo	9,5	8	36,6
A Paradanta	4,2	12,7	21
Pontevedra	9,3	8,7	35,8
O Salnés	9,5	8,8	36,9
Tabeirós-Terra de Montes	5,7	13,2	25,7
Vigo	9,1	8,1	34,5

1. Destacamos en vermello os cinco valores máis elevados e reducidos nas tres taxas.

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

3.4. ESPERANZA DE VIDA AO NACER

Un dato que inflúe directamente no progresivo proceso de envellecemento da poboación é o aumento considerable da esperanza de vida nos últimos anos. No dato máis recente proporcionado polo Instituto Nacional de Estatística, a media de supervivencia en Galicia estaría en torno aos 81 anos. Por xénero, o dato é máis elevado no caso das mulleres (84 anos) que no dos homes (77 anos). De novo, Lugo e Ourense presentan os datos máis altos, superando os 81 anos de esperanza media de vida en ambos os casos.

Esperanza de vida ao nacer. Ano 2005

	Total	Homes	Mulleres
España	80,23	76,96	83,48
Galicia	80,80	77,10	84,40
A Coruña	80,40	76,60	84,30
Lugo	81,00	77,40	84,80
Ourense	81,30	77,70	84,90
Pontevedra	80,70	77,10	84,10

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. IGE, INE. Movemento natural da poboación

As mulleres galegas teñen unha expectativa de vida ao nacer que supera nun ano a das españolas; en cambio, nos homes a diferenza é menor. Nos últimos sete anos incrementouse en dous a esperanza de vida en Galicia.

3.5. ANÁLISE DA POBOACIÓN POR IDADES


En datos absolutos, nos últimos 9 anos, a poboación de Galicia menor de 20 anos sofre unha diminución de 113.026 persoas, mentres que as persoas de 65 e máis anos se incrementan en 72.252.

Na nosa comunidade, un 21,6% do último censo levado a cabo ocúpano veciños en idade de xubilación, o que nos converte nunha das zonas europeas cun maior índice de dependencia e de poboación maior, segundo un dos últimos informes elaborado por EUROSTAT. Comparten este mesmo denominador comunidades próximas como Asturias ou Castela e León, aínda que tamén Aragón e algunha outra no norte de Italia e no interior de Alemaña.

O peso da poboación maior na nosa comunidade decrece en determinados períodos, debido á chegada de persoas inmigrantes en idade de traballar; aínda así, un reflexo de que estamos ante unha poboación envellecida é que, en Galicia, por cada neno galego menor de 4 anos hai case seis cidadáns por riba dos 65 no pasado ano 2007.

A distribución da poboación por idades en Galicia e as catro provincias queda reflectida nas seguintes pirámides comparativas entre os anos 1998 e 2007. Trátase dunha forma gráfica de amosar a comparación neses anos do volume de efectivos existentes de homes e mulleres no noso territorio.

Comparativa Poboación Galicia 1998 - 2007



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Distribución da poboación por sexo e grupos quinquenais de idade. Ano 2007. Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.772.533	1.337.159	1.435.374
0-4	103.500	53.543	49.957
5-9	100.733	52.123	48.610
10-14	108.989	55.927	53.062
15-19	129.156	66.251	62.905
20-24	162.258	82.391	79.867
25-29	213.344	107.728	105.616
30-34	223.688	112.369	111.319
35-39	213.828	106.770	107.058
40-44	203.404	100.773	102.631
45-49	198.328	98.443	99.885
50-54	179.677	89.088	90.589
55-59	171.152	84.177	86.975
60-64	166.193	79.866	86.327
65-69	134.159	62.370	71.789
70-74	161.904	72.171	89.733
75-79	130.095	54.629	75.466
80-84	92.494	34.581	57.913
85 e máis	79.631	23.959	55.672

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Unidades: persoas


A lixeira recuperación da natalidade nos últimos anos xa comentada, aínda que en escasa contía, permite certo crecemento pola base da pirámide, ampliándose a poboación do primeiro grupo de idade. A poboación de 0 a 4 anos supera xa a de 5 a 9 anos dende o ano 2006, seguindo esa tendencia en 2007.

Existe unha certa perda de poboación no grupo que vai dos 65 aos 69 anos, debido a que os cidadáns nados na Guerra Civil chegaron xa á idade de xubilación; prodúcese así unha redución do 16% na poboación deste grupo. En termos porcentuais, as persoas de 65 e máis anos poderían ser aínda máis se non fose por esta circunstancia.


A zona media da pirámide sofre un certo ensanchamento temporal, xa que está ocupada pola poboación que ten de 30 a 65 anos e que está en idade laboral. Esta situación vén motivada polo volume importante de xente nacida na denominada época do *baby boom* (incremento da natalidade producida entre os anos 1957 e 1977 en España) e que están situados nesa zona intermedia. Ademais, contribúe a este proceso a paulatina chegada de inmigrantes ao noso territorio precisamente nesas idades. Aínda así, o volume de persoas nestas idades, en comparación coas de maior idade, é menor que noutras comunidades españolas polo factor migratorio comentado con anterioridade.

As persoas maiores de 70 anos están a cobrar relevancia na estrutura poboacional de Galicia, como poderemos observar máis adiante.

Comparativa da poboación das provincias galegas. Anos 1998-2007



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Distribución da poboación nas provincias galegas por grupos quinquenais de idade. Ano 2007


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	1.132.792	355.176	336.926	947.639
0-4	42.763	10.122	9.947	40.668
5-9	41.427	10.597	10.007	38.702
10-14	43.397	12.136	11.929	41.527
15-19	51.312	15.491	14.233	48.120
20-24	65.982	19.509	18.146	58.621
25-29	88.232	24.094	22.360	78.658
30-34	93.917	24.139	22.751	82.881
35-39	89.366	24.464	22.770	77.228
40-44	85.246	25.349	22.293	70.516
45-49	82.372	25.619	22.977	67.360
50-54	74.850	22.959	20.834	61.034
55-59	72.015	20.892	20.854	57.391
60-64	69.338	21.033	22.224	53.598
65-69	54.307	19.463	19.299	41.090
70-74	64.448	25.327	25.115	47.014
75-79	50.477	22.110	20.864	36.644
80-84	34.227	17.064	16.044	25.159
85 e máis	29.116	14.808	14.279	21.428

3.6. INDICADORES DA ESTRUCTURA DA POBOACIÓN

Ano 2006	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Idade media	40,04	44,1	43,8	47,6	47,9	41,9
Homes	38,7	42,1	42,1	46,1	46,1	40,2
Mulleres	41,34	45,7	45,3	49	49,5	43,6
Índice de envelhecimento	85,8	133,5	128,1	200,5	204	100,1
Índice de sobreenvellecemento	11,4	13,04	12,3	14,5	14,6	12,4
Porcentaxe de poboación menor de 20 anos	19,5	16,1	15,9	13,8	13,8	18
Porcentaxe de poboación entre 20 e 64 anos	63,75	62,4	63,7	58,4	57,9	64
Porcentaxe de poboación de 65 e máis anos	16,74	21,5	20,4	27,8	28,3	18

Fonte: IGE. Indicadores demográficos

Comparativa evolución cohortes de idade. Porcentaxe. Galicia



Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

A idade media en Galicia era no ano 2006 de 44 anos, valor sensiblemente superior no caso das mulleres (45 anos) con respecto aos homes (42 anos). Son evidentes as diferenzas existentes entre as provincias de Lugo e Ourense, con idades medias de preto dos 48 anos, e a media española, que está en 40 anos.

As cinco comarcas coa idade media máis elevada son Terra de Caldelas, A Baixa Limia, Terra de Trives, Quiroga e Terra de Celanova (entre os 56 e 53 anos de idade media da súa poboación), existindo unha diferenza de 16 anos entre a comarca máis nova (O Morrazo) e a máis envellecida.

Dende o ano 2001, experimentouse un aumento considerable dos índices de envelhecimento. No ano 1998, en

Galicia este índice estaba en 94,70 e nove anos máis tarde, no 2007, increméntase ata 133,50. Isto significa, que, no caso da comunidade galega, por cada 100 persoas novas, hai 133 que superan a idade de xubilación. Este índice é maior que no resto do país, no que atopamos a proporción de 86 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20.

A Coruña e Pontevedra atópanse por debaixo da media galega nos valores deste indicador; en cambio, nos concellos das provincias interiores, sobre todo no caso de Ourense, pódese apreciar como resultan moito máis envellecidos, superando no ano 2006 as 200 persoas en idade de xubilación por cada 100 que non chegan aos 20 anos.

Se consideramos as cifras absolutas, o maior volume de persoas maiores estaría nas áreas urbanas, especialmente nas grandes cidades.

Na comunidade galega apréciase un envellecemento máis acentuado das persoas de maior idade. O colectivo de maiores de 80 anos creceu máis que os demais grupos, pasando en Galicia de 130.457 habitantes destas idades no ano 1998 a 172.125 en 2007. É o que se coñece como sobreenvellecemento da poboación, provocado en gran medida polo aumento da esperanza de vida.

Este índice mide a relación da poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos. No ano 2007 en Galicia era de 13,04. En comparación, o valor é superior que o reflectido polo conxunto do Estado (11,4) no mesmo ano

Poboación Galicia e provincias maior de 65 anos. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2007


Idades	Galicia	%	A Coruña	%	Lugo	%	Ourense	%	Pontevedra	%
65-69	134.159	4,84	54.307	4,79	19.463	5,48	19.299	5,73	41.090	4,34
70-74	161.904	5,84	64.448	5,69	25.327	7,13	25.115	7,45	47.014	4,96
75-79	130.095	4,69	50.477	4,46	22.110	6,23	20.864	6,19	36.644	3,87
80-84	92.494	3,34	34.227	3,02	17.064	4,80	16.044	4,76	25.159	2,65
85 e máis	79.631	2,87	29.116	2,57	14.808	4,17	14.279	4,24	21.428	2,26
Total Poboación	2.772.533	21,57	1.132.792	20,53	355.176	27,81	336.926	28,37	947.639	18,08

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia.


Analizando máis en detalle a porcentaxe de poboación de 85 e máis anos sobre o total de poboación, no ano 2007 esta era de 2,87% en Galicia, sendo o valor aínda maior nas provincias interiores, onde se supera o 4% no peso total de habitantes. Nos últimos 5 anos, o incremento de poboación que supera os 85 anos tivo un incremento dun 14,5%.

As comarcas galegas que teñen maiores índices de envellecemento e sobreenvellecemento, son, entre outras, Terra de Caldelas, Terra de Trives ou Viana, as tres da provincia de Ourense. Pola contra, as comarcas que se poden considerar menos envellecidas son O Morrazo, Vigo e O Salnés, pertencentes a Pontevedra, considerada como a provincia que ten a poboación máis nova de todo o territorio galego.

Índice de envelhecimento por comarcas. Galicia. Ano 2006



Índice de sobreenvellecemento por comarcas. Galicia. Ano 2006



No tocante á distribución por sexo, vemos como o peso da poboación feminina aumenta en relación directa coa idade. Este factor atribúese á cada vez máis elevada expectativa de vida ao nacer que teñen as mulleres en Galicia, como vimos no apartado anterior.


En termos absolutos, no ano 2007, en Galicia había 247.710 homes, fronte ás 350.573 mulleres maiores de 65 anos. As porcentaxes quedan da seguinte maneira no conxunto da comunidade:

Poboación por sexo e grupos de idade. Porcentaxes. Ano 2007. Galicia

Idades	Homes	Mulleres
45-54	49,62	50,38
55-64	48,63	51,37
65-69	46,49	53,51
70-74	44,58	55,42
75-79	41,99	58,01
80-84	37,39	62,61
85 e máis	30,09	69,91

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia.

A análise por provincias ofrece para A Coruña e Pontevedra uns resultados máis amplos neste sentido. A nivel porcentual, o 61% da poboación en idade de xubilación das provincias do eixe atlántico son mulleres, incrementándose este valor a máis dun 70% no caso dos maiores de 85 anos.



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes.

3.7. COMUNIDADE ESTRANXEIRA EN GALICIA

Tal como observamos nos últimos datos obtidos a través do padrón municipal de habitantes, as porcentaxes de inmigración que se están a producir na nosa comunidade son inferiores ás experimentadas no conxunto do país e incluso de Europa. Aínda así, parece evidente que se trata dun feito crecente e irreversible.

Datos de poboación estranxeira. Datos absolutos. Porcentaxes. Ano 2007


	Poboación total	Poboación estranxeira	% sobre o total
España	45.200.737	4.519.554	10,00
Galicia	2.772.533	81.442	2,94
A Coruña	1.132.792	28.137	2,48
Lugo	355.176	9.076	2,56
Ourense	336.926	12.424	3,69
Pontevedra	947.639	31.805	3,36

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

No ano 1998, os datos do Instituto Nacional de Estatística amosan para Galicia un total de 19.693 cidadáns de nacionalidade estranxeira. Na actualidade, as últimas cifras dispoñibles (ano 2007) acadan un total de 81.442 empadroados foráneos, dos cales 39.632 son homes e 41.810 mulleres. Aínda que nos datos totais hai máis mulleres que homes, esta cifra varía dependendo da procedencia de cada colectivo.

No tocante á distribución por idades, observamos como o 40% do total, aproximadamente, corresponde a persoas que teñen entre 20 e 35 anos, feito que se explica polas circunstancias económico-sociais que propician a chegada de poboación doutros países, en moitos casos en busca de traballo e dunha mellora das súas condicións de vida.

Piramide poboación Galicia 2007



Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

En datos absolutos, a poboación estranxeira concéntrase nas grandes cidades. Os aumentos máis significativos de poboación non comunitaria atopámoslos nas provincias da Coruña e Pontevedra, reuníndose nelas case o 74% do total.

Por comarcas, as situadas no sur e leste da provincia de Ourense posúen unha importante presenza de poboación portuguesa debido á proximidade coa fronteira entre os dous países, e nos concellos da Mariña lucense tamén é importante o colectivo de caboverdianos que traballa na frota pesqueira de altura.

A pesar disto, podemos confirmar que a inmigración que se está a producir na nosa comunidade non logra frear a caída do censo en moitos dos concellos galegos. Dúas terceiras partes do noso territorio fóronse baleirando no último ano; ao mesmo tempo, case un 70% dos concellos de Galicia incrementaron o seu censo de inmigrantes. O feito de que un concello mellore as cifras da súa poboación coa chegada de persoas doutros países non sempre significa un aumento desta; en moitos casos continuouse producindo o éxodo masivo doutros veciños, a baixa natalidade e o consecuente envellecemento da poboación.

O fenómeno contrario, é dicir, municipios que gañasen poboación malia perderen inmigrantes, trátase dun caso máis excepcional.

Podemos, a continuación, observar as cinco comarcas que estarían en consonancia cos datos ofrecidos polo conxunto do país, é dicir, que posúen unha alta porcentaxe de poboación foránea entre os seus empadroados. A modo de contraste, amósanse tamén as cinco comarcas que achegan menos volume de estranxeiros ao total de Galicia.

Comarcas galegas con maior porcentaxe de estranxeiros. Ano 2007.

COMARCAS GALEGAS	% sobre o total da súa poboación
Valdeorras	6,43
Verín	6,35
Viana	4,99
A Baixa Limia	4,79
A Mariña Central	4,38

Comarcas galegas con menor porcentaxe de estranxeiros. Ano 2007.

COMARCAS GALEGAS	% sobre o total da súa poboación
A Fonsagrada	0,74
Muros	0,77
Arzúa	0,83
Terra de Melide	0,88
Os Ancares	0,88

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

● 4. Consecuencias do envelhecimento da poboación no mercado laboral

O declive da porcentaxe de poboación nova en idade de traballar e o aumento da poboación maior de 65 anos representan factores determinantes dunha nova estrutura demográfica que repercute en moitas das dimensións da vida social e económica; especialmente na composición do mercado de traballo e na orientación dos sistemas de protección social. Ímolo comprobar cos datos que se amosan nos seguintes apartados.

4.1. POBOACIÓN EN IDADE DE TRABALLAR

A demografía impón o marco de entradas e saídas da actividade. O volume da poboación potencialmente activa ten como único límite formal a imposibilidade legal de traballar antes dos 16 anos, pero non ten como tope legal a idade de xubilación, que se entende para os que cumbran 65 anos, sendo a idade mínima para tal dereito.

Evolución da poboación en idade de traballar (16 a 64 anos)

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1999	1.810.633	751.898	225.895	212.588	620.245
2000	1.814.023	752.309	225.271	212.262	624.184
2001	1.813.835	752.112	224.014	211.362	626.347
2002	1.812.913	751.566	222.471	210.274	628.602
2003	1.822.250	757.057	221.911	209.466	633.816
2004	1.824.541	758.092	221.321	208.626	636.502
2005	1.836.552	763.242	221.844	208.803	642.663
2006	1.835.893	762.486	221.317	208.121	643.969
2007	1.836.921	763.049	220.750	206.829	646.293
Variación media anual	0,18	0,18	-0,29	-0,34	0,52

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes

Nos últimos nove anos, en vista dos datos ofrecidos polo padrón municipal de habitantes, Galicia obtén un escaso incremento anual no volume da denominada forza de traballo, 26.288 persoas dende 1999. Destaca como feito relevante a situación das provincias de Lugo e Ourense, que, lonxe de confirmar a tendencia galega, perden en ambos os casos efectivos neses tramos de idade.

Variación da poboación en idade de traballar (16 a 64 anos). Galicia

	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	Variación media anual
16-29	587.615	580.769	570.555	559.446	548.075	532.097	517.759	500.048	480.651	-2,21
30-44	574.284	585.591	593.931	601.578	611.573	616.287	624.999	632.165	640.920	1,23
45-54	344.948	346.116	346.670	349.327	356.181	358.376	363.306	370.473	378.005	1,02
55-64	303.786	301.547	302.679	302.562	306.421	317.781	330.448	333.207	337.345	1,17

Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes


Na composición interna da forza de traballo en Galicia, pódese observar como o grupo de 16 a 29 anos evidencia unha perda de poboación significativa, fronte aos outros tres grupos de idade, que gañan en volume, aínda que en escasa cantidade. O proceso de envellecemento altera a propia estrutura interna da poboación en idade de traballar, de forma que os grupos en idades altas aumentan a súa porcentaxe no total. Expresado doutro xeito, a poboación en idade de traballar tamén envellece.

Crece o peso dos maiores de 45 anos no total da poboación potencialmente activa, pasando de supoñer un 35% no ano 1999 a un 39% en 2007; pola contra, os menores de 30 anos pasan de ser un 32% hai oito anos a ser na actualidade un 26% do total da forza de traballo en Galicia.

Debido ás diferenzas existentes entre a esperanza de vida por sexos (xa comentamos no anterior bloque que é sensiblemente maior nas mulleres), a poboación masculina en idade laboral está menos envellecida que a forza laboral feminina.

En definitiva, a progresión da poboación galega en idade de traballar faise moi lenta, e pode chegar a ser negativa en condicións de actividade e situación migratoria iguais ás actuais, xa que os novos traballadores que chegan ao mercado laboral son menos numerosos que as xeracións de maiores que se xubilán.

Evolución da poboación en idade de traballar (16 a 64 anos) Porcentaxes. Galicia




Fonte: INE. Padrón municipal de habitantes. Elaboración propia.

4.2. ÍNDICES DE DEPENDENCIA ECONÓMICA

A taxa de dependencia global mide a relación entre os grupos economicamente dependentes (menores de 20 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación potencialmente activa (entendida neste indicador como as persoas de 20 a 64 anos). No caso da comunidade galega, é de 60,2; iso significa que por cada 100 persoas en idade de traballar hai 60 dependentes, segundo os últimos datos obtidos a través do Instituto Galego de Estatística correspondentes ao ano 2006.

Índices de dependencia 2006




Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Este índice diminúe moi levemente nos últimos anos, debido a que é maior a redución do peso da xente nova na súa composición que o que supón o incremento dos maiores. Podemos falar así dunha tendencia ao cambio na composición interna da dependencia; sobe a chamada dependencia senil e baixa a xuvenil.


A lectura que se pode obter baseándose nos datos ofrecidos ata o de agora é que, cada vez máis, un número menor de potenciais activos con tendencia a envellecer ten que soportar unha poboación dependente cada vez maior, composta principalmente por persoas de avanzada idade, as cales no futuro estarán durante máis anos percibindo unha pensión, especialmente mulleres, dado que a esperanza de vida é máis elevada nelas.

Evolución dos índices de dependencia en Galicia. 1975 - 2006



Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Índice de dependencia senil por co-marcas. Galicia. Ano 2006



4.3. TAXAS DE ACTIVIDADE E OCUPACIÓN

A partir das taxas de actividade e ocupación, podemos observar como inflúen os cambios demográficos acontecidos, vendo como é a participación dos traballadores maiores no mercado laboral e comparando eses datos coa participación dos máis novos. A análise por sexo tamén ofrece datos significativos a ter en conta.

Taxas de actividade e ocupación por sexo. Ano 2007.

	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TAXA ACTIVIDADE						
Total	58,92	54,3	55,2	47,7	49,5	57,4
Homes	69,28	63,3	64,7	55,1	58,3	66,7
Mulleres	48,94	46	46,8	40,7	41,3	48,8
TAXA OCUPACIÓN						
Total	54,05	50,1	50,6	44,9	46,7	52,7
Homes	64,86	59,7	60,7	52,6	55,8	62,6
Mulleres	43,63	41,4	41,7	37,7	38,1	43,7

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

No Cumio de Lisboa celebrado no ano 2000, a Unión Europea estableceu uns obxectivos claros co fin de acadar o denominado *pleno emprego*. A meta sería conseguir para o ano 2010 unha taxa de emprego do 70%, un 60% para o emprego feminino. A comunidade galega, a pesar da tendencia positiva experimentada nos últimos anos, está aínda lonxe de acadar este obxectivo (50,1% de ocupación total no ano 2007 segundo a Enquisa de Poboación Activa –EPA– que explota o IGE), sobre todo no caso da ocupación das mulleres (41,4%), que obteñen unha posición desfavorable fronte ao emprego dos homes (59,7%).

O Consello Europeo de Estocolmo incorporou como un dos obxectivos da Estratexia de Lisboa o incremento da taxa de emprego ou ocupación da poboación traballadora de maior idade (55 a 64 anos) ata o 50% para o mesmo ano 2010.

No ano 2007, segundo os datos que nos proporciona a EPA, a taxa de actividade para Galicia das persoas en idades comprendidas entre os 55 e os 64 anos foi dun 43,87% e a ocupación dun 41,53%, cifras que quedan aínda lonxe do mencionado obxectivo europeo.

En comparación, o conxunto do estado español ten no mesmo ano 2007 unha taxa de actividade para o intervalo de idade dos 55 aos 64 anos dun 47%, catro puntos por encima da cifra galega, e 44,24% no que se refire á taxa de emprego.


Taxas de actividade e ocupación poboación maior de 55 anos. Ano 2007.

	Taxa de actividade		Taxa de ocupación	
	55 a 64 anos	Maiores de 65 anos	55 a 64 anos	Maiores de 65 anos
Galicia	43,87	2,29	41,53	2,24
España	47	1,95	44,24	1,92

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

EUROSTAT ofrécenos datos actualizados ata o ano 2005 da actividade e ocupación da Unión Europea de 25 países. Tomamos eses datos de referencia para facer unha comparación con España e Galicia no mesmo ano. As cifras corresponden ás taxas de actividade e ocupación dos maiores de 55 anos por cohortes de idade, como faciamos na táboa anterior.

Taxas de actividade e ocupación poboación maior de 55 anos. 2005




Fonte: EUROSTAT. Instituto Nacional de Estadística. EPA

Se analizamos máis en detalle a actividade nestas idades por sexo, podemos observar como en Galicia os homes que se atopan entre os 55 e os 64 anos superan o 50% de actividade e emprego no pasado ano 2007. Trátase da actividade das mulleres a que se presenta como moi reducida nas idades próximas á xubilación.

No ano 2007 a taxa de actividade para as mulleres de 55 a 59 anos estaba nun 45%; pola contra, na seguinte cohorte de idade, entre as idades de 60 e 64 anos, é practicamente a metade, un 24%. Estes valores afástanse moito dos rexistrados nas idades inmediatamente inferiores, pois a actividade das mulleres de 45 a 54 anos no mesmo ano 2007 alcanza unha media dun 65% de participación laboral.

Taxas de actividade e ocupación poboación maior de 55 anos por sexo.
Ano 2007. Galicia



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

Os valores comentados ata agora descendem considerablemente en todos os casos cando falamos dos índices de actividade do bloque de maiores de 55 anos, tendo en conta o descenso pronunciado que se produce na participación laboral a partir dos 65 anos. Os datos por grandes grupos de idade para o ano 2007 quedarían da seguinte maneira:

Taxas de actividade e ocupación por grupos de idade. Ano 2007. Galicia

	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Homes		Mulleres	
			Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de actividade	Taxa de ocupación
Total	54,3	50,1	63,3	59,7	46	41,4
16 a 24 anos	45	37,9	53,2	46,3	36,6	29,1
25 a 54 anos	83,1	77,2	90,6	86	75,7	68,5
55 e máis	18	17,1	24,9	23,8	12,5	11,8

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

Atendendo á evolución producida nos últimos anos, vemos como a taxa de actividade² dos maiores de 55 anos experimenta un notable descenso dende o ano 1976 no conxunto nacional, máis se cabe nos grupos de idade que van dende os 65 aos 69 anos e a partir dos 70. É importante lembrar aquí que sobre o primeiro grupo pesa, sen dúbida, a normativa sobre a idade de xubilación, e sobre o segundo, o altísimo nivel do que se partía, que non era senón reflexo do forte peso na súa composición dalgúns sectores de actividade (agrario, sobre todo), onde a idade de xubilación era moi avanzada.

2 Segundo as fontes do Instituto Galego de Estatística, no primeiro trimestre de 2005 implantouse un procedemento distinto na elaboración da Enquisa de Poboación Activa, feito que dalgunha maneira lles pode afectar minimamente ás comparacións establecidas entre distintos anos para activos e ocupados.


A mediados dos anos 70, obtíñanse uns índices de actividade para a poboación traballadora galega de máis de 55 anos dun 43,99% (57,85% para os homes e 33,99% para as mulleres no último trimestre de 1976), dato que estaba moi por riba do que presentaba España para as mesmas cohortes de idade (29,27% para ambos os sexos). No transcurso dos anos, ambas as taxas vanse igualando, ata chegar a ser superior a do conxunto do territorio nacional.

De novo os cambios demográficos inflúen de maneira directa na actividade, xa que en Galicia a baixada da empregabilidade é consecuencia dos xa mencionados movementos migratorios e da consecuente caída da fecundidade.

Tamén cómpre salientar que o ano 2000 se mostra como un punto de inflexión para a mencionada tendencia, logrando frear a caída de actividade para as persoas de maior idade e mostrando unha nova evolución levemente positiva en todo o territorio nacional, especialmente entre os homes de 60 a 64 anos.


Podemos afirmar que esta pequena recuperación producida na actividade dos maiores nos últimos sete anos é atribuíble, entre outras cuestións, ás características do mercado de traballo, ás normas sobre xubilacións (redución dos incentivos para as xubilacións anticipadas), a medidas incentivadoras en favor da prolongación voluntaria da vida activa (Pacto de Toledo de 1995) e a normas sociais e preferencias individuais.

Evolución da taxa de actividade poboación maior de 55 anos



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA.


Evolución da taxa de ocupación poboación maior de 55 anos



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA.

Por sexo, comprobamos como a poboación feminina de máis de 55 anos rexistra tamén dende mediados dos anos 70 un descenso pronunciado nas súas taxas de actividade, aínda que menor que os homes, xa que de por si a súa participación laboral considérase moi baixa.

Evolución da taxa de actividade por sexo da poboación maior de 55 anos en Galicia




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA.

A modo de comparación, cómpre analizar o comportamento da actividade da poboación traballadora máis nova. Obsérvase que este colectivo segue a caracterizarse por unha relativamente escasa participación no noso mercado. En Galicia, no ano 2007, e sempre segundo datos da EPA, as persoas menores de 24 anos rexistran unha taxa de actividade dun 45% (53,2% para os homes e 36,6% para o colectivo feminino). Os menores de 20 anos de ambos os sexos no ano 2007 presentan unha actividade do 24,2%.

A evolución da actividade da poboación galega máis nova segue a mesma pauta de descenso que para os maiores de 55 anos ata o ano 2000, só que neste caso non se trata dunha caída tan pronunciada, e ademais pártese dunha cifra moi similar á do resto do Estado. As causas deste descenso atribúense ao maior acceso deste segmento ao

ensino e á formación. Na actualidade a taxa de actividade da mocidade en Galicia está nove puntos por debaixo da taxa de actividade para todas as idades e oito puntos por debaixo da ofrecida polo conxunto do Estado.

Evolución da taxa de actividade na poboación menor de 25 anos



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA

En definitiva, o acondicionamento demográfico trae consigo, en termos de actividade e ocupación, un preocupante acurtamento na vida laboral. Son factores determinantes a entrada tardía das persoas máis novas no mercado pola maior duración dos períodos formativos e a diminución da participación laboral dos traballadores a medida que van superando a cincuentena (sobre todo mulleres), existindo o que poderíamos chamar alto nivel de infrautilización das persoas de 55 a 64 anos, colectivo que, como veremos, se presenta como moi necesario nos vindeiros anos se atendemos ás proxeccións realizadas.

Por outra banda, prodúcese en paralelo un mantemento case sen variacións da taxa de actividade do conxunto da poboación, que se sostén, malia o descenso de participación dos grupos máis novos e maiores, grazas á crecente incorporación laboral das mulleres e, en menor medida no caso galego, dos traballadores estranxeiros.

Este é un tema que preocupa moito en Europa, sobre todo o feito de que a saída prematura dos traballadores de maior idade supoña unha redución da produtividade e, xa que logo, unha perda de coñecementos, habilidades e experiencia. Preocupa aínda máis que engada presión aos plans de pensións e finanzas públicas nun panorama, como o actual, de claro envellecemento da poboación.

4.3.1. POBOACIÓN ACTIVA E OCUPADA


A poboación activa e ocupada en Galicia medrou nos últimos 3 anos, segundo datos ofrecidos polo IGE baseándose na Enquisa de Poboación Activa, feito que corresponde en maior medida á tendencia positiva na actividade e ocupación das mulleres. Os homes activos en Galicia creceron un 1,82% dende 2005, e as mulleres fixérono nun 4,43%. No que se refire á poboación ocupada, o crecemento varía; o incremento supón un 3,41% para a poboación ocupada masculina e un 8,60% no que se refire ás mulleres.

Poboación ocupada e activa por grupos de idade e sexo. Ano 2007. Galicia

	Poboación ocupada			Poboación activa		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
De 16 a 24 anos	99,9	62,2	37,6	118,8	71,5	47,4
De 25 a 29 anos	163,9	86,9	77	182,3	94,6	87,7
De 30 a 34 anos	180,2	99,3	80,9	196,7	105,4	91,3
De 35 a 39 anos	166,6	94	72,5	179,7	98,4	81,3
De 40 a 44 anos	156,1	86,1	70	166,4	90,5	75,9
De 45 a 49 anos	150,1	84,6	65,5	158,1	87,2	70,9
De 50 a 54 anos	123,2	71,1	52,1	128,4	73,5	54,9
De 55 a 59 anos	91,3	55,3	36	95,4	56,9	38,5
De 60 a 64 anos	48,8	30,1	18,7	52,6	32,7	20
De 65 e máis anos	13,4	8,7	4,7	13,7	8,9	4,7
Total	1.193,40	678,3	515	1.292,00	719,5	572,5

Datos en miles de persoas.
Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA.

Poboación ocupada por sexo e grupos de idade. Ano 2007. Galicia



Datos en Miles de persoas
Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA.

No tocante á distribución por idades, a poboación de 16 a 24 anos perde en torno a 5.000 ocupados dende 2005, sendo todas elas practicamente mulleres. Os homes nestes tramos de idade non experimentan excesivos cambios.

Apreciamos unha perda de volume nos últimos 3 anos das persoas ocupadas maiores de 65 anos, en termos porcentuais, dun 23%. Na cohorte de idade inmediatamente inferior, pódese afirmar que algo máis da metade dos homes de 60 a 64 anos están xa fóra do mercado laboral a pesar das máis recentes mellorías experimentadas. No caso das mulleres nas mesmas idades, soamente 1 de cada 4 permanece ocupada.


Estes indicadores constatan a idea de que a vellez é unha idade á marxe do mercado laboral. O principal motor do abandono do mercado de traballo por parte das persoas maiores de 65 anos débese en gran medida á consolidación do sistema de pensións, o que trae consigo unha certa obrigatoriedade do proceso de xubilación.

Nas idades intermedias, o maior incremento de poboación ocupada atopámolo nas cohortes de idade comprendidas entre 45 e 54 anos, gañando aproximadamente un 12% de poboación nesta situación nos últimos 3 anos. Esta suba está producida basicamente pola evolución positiva do índice de ocupación das mulleres nesas idades.

Se comparamos as cifras de activos coas de ocupados, destacamos o feito de que, no tramo de idade que vai de 55 a 64 anos, atopamos no ano 2007 un número nada desdeñable de persoas sen emprego que permanecen no mercado laboral a esa idade (unhas 8.000 persoas en total), é dicir, que, sobre todo no caso dos homes, a perda de emprego non sempre se traduce nunha retirada da actividade, malia o evidente da súa baixa empregabilidade con respecto aos máis novos.

Se nos centramos na distribución de poboación activa e ocupada nas provincias galegas, vemos como, segundo a EPA, as provincias da Coruña e Pontevedra concentran o 72% do total de poboación ocupada maior de 55 anos (111.000 persoas do total de 153.500 que ten Galicia no ano 2007).


Poboación activa e ocupada maior de 55 anos. Ano 2007



Datos en miles de persoas
Fonte: Instituto Nacional de Estadística. EPA.

Os sectores de actividade segundo a EPA que presentan unha maior porcentaxe de poboación ocupada maior de 55 anos son o sector servizos, cun 56,54%, seguido do sector agricultura e pesca. Este último sector pódese definir como envellecido polas idades que compoñen a súa forza laboral, cun 27,55% de persoas ocupadas maiores de 55 anos sobre o total.

Poboación ocupada maior de 55 anos por grandes sectores de actividade Galicia 2007



Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA. Elaboración propia.
 Datos: miles de persoas

4.3.2 POBOACIÓN INACTIVA


Outra cuestión que cómpre ter en conta para completar a visión da incidencia que pode ter o envellecemento no mercado laboral é a relación da poboación coa actividade analizándoa por idades, e máis concretamente a composición da inactividade. Dadas as expectativas demográficas e en ausencia dunha inmigración significativa, o cumprimento dos obxectivos de emprego marcados a nivel europeo pasaría por incorporar ao mercado laboral boa parte desta poboación inactiva.

No derradeiro trimestre de 2007 atopamos en Galicia 1.092.000 persoas inactivas segundo a Enquisa de Poboación Activa, das cales o 68% corresponden a poboación maior de 55 anos, situada xa na antesala da xubilación.

Dentro deste colectivo, e tamén en datos porcentuais, o 60% serían mulleres, posto que xa analizamos nas cifras de ocupación a escasa participación na actividade do sector feminino nestas idades.

O 14% dos inactivos de ambos os sexos en Galicia neste período ten menos de 25 anos, sendo practicamente a totalidade persoas que se atopan no período de estudos. Case o 60% desta poboación inactiva máis nova son mulleres.

Poboación en relación coa actividade por grupos de idade. IV trimestre 2007. Galicia



Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA.

No que se refire á composición interna, vemos como no ano 2007 en Galicia o 52,67% do total, é dicir, 573.000 persoas, son clasificados como retirados, xubilados ou pensionistas no ano 2007, mentres que o 22,36% corresponde a persoas dedicadas a labores da casa, colectivo formado maioritariamente por mulleres.

Composición da poboación inactiva. Porcentaxe. Ano 2007

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Estudantes	14,93	16,75	12,34	11,79	15,19
Retirados, xubilados e pensionistas	52,67	49,27	64,16	60,23	48,26
Labores da casa	22,36	23,74	15,36	18,83	25,40
Incapacitado permanente	8,44	8,62	6,29	8,06	9,39
Outra	1,59	1,62	1,73	1,08	1,73


Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA.

A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentan un maior número de xubilados, retirados e pensionistas, en canto a cifras absolutas: 215.000 persoas e 165.000 respectivamente, cobrando tamén protagonismo nesta categoría o colectivo feminino.

Un aspecto a ter en conta é que en Galicia hai 18 comarcas, un terzo do total das existentes, nas que máis da metade dos seus fogares teñen como fonte principal de ingresos as prestacións públicas, fundamentalmente xubilacións. Trátase das áreas do Sur de Lugo e as zonas occidentais e orientais de Ourense.

Tendo en conta a variable idade, cómpre destacar que máis da cuarta parte da poboación inactiva que ten entre 50 e 54 anos se consideran, segundo a EPA, como xubilados ou prexubilados. Na cohorte de idade que vai dos 55 aos 64 anos, máis da metade de persoas inactivas atópanse nesa mesma categoría.

Retirados, Xubilados e Pensionistas segundo sexo. 2007



Datos en miles de persoas.
Fonte: Instituto Nacional de Estatística. EPA

4. 4. PARO REXISTRADO

As consecuencias do envelhecimento da poboación e, en definitiva, das persoas en idade de traballar reflíctense de novo nos datos que nos ofrece o Servizo Público de Emprego sobre o volume de parados na nosa comunidade. Hai que ter en conta que os datos de 2005 non poden compararse cos dos anos anteriores debido ao cambio metodolóxico operado na medición do paro, así que veremos a evolución nos últimos tres anos. Sempre teremos en conta para as comparacións os datos que se refiren ao último día do ano.

Parados por sexo e grupos de idade. Datos absolutos. Porcentaxes. Galicia

	2005				2007				Variación media anual		
	Homes	Mulleres	Total	%	Homes	Mulleres	Total	%	Homes	Mulleres	Total
16-29	20.567	28.533	49.100	27,48	15.570	19.778	35.348	22,81	-12,99	-16,74	-15,15
30-44	21.087	43.415	64.502	36,10	18.395	37.251	55.646	35,9	-6,60	-7,37	-7,12
45-54	12.901	22.239	35.140	19,67	11.385	21.343	32.728	21,12	-6,06	-2,04	-3,49
55-64	14.600	15.334	29.934	16,75	13.740	17.520	31.260	20,17	-2,99	6,89	2,19
TOTAL	69.155	109.521	178.676	100	59.090	95.892	154.982	100	-7,56	-6,43	-6,87

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

En termos xerais, os datos reflicten un descenso continuado do volume total de persoas paradas en Galicia nos últimos anos. A cifra total de paro rexistrado ao finalizar o mes de decembro de 2007 ascende a 154.982 persoas, das que 95.892 son mulleres (61,87%), fronte a 59.090 homes (38,13%). Se comparamos este dato coa mesma data do ano 2005, atopamos un descenso de 23.694 persoas paradas. En valores porcentuais, o sector feminino sofre unha variación media anual (2005-2007) de -6,43% e os homes de -7,56%.


Se nos fixamos agora na evolución do paro por idades, observamos que o único grupo que rompe con esa tendencia de descenso no volume de desempregados é o das mulleres maiores de 55 anos. Constatábase un incremento efectivo destas con 2.186 galegas máis inscritas nas oficinas do Servizo Público de Emprego dende o ano 2005. No tramo de idade que vai dos 45 aos 54 anos, as mulleres paradas supoñen o dobre que os homes nas mesmas idades no ano 2007. O comportamento deste colectivo a nivel demográfico tamén afecta a estes valores, xa que, como vimos, o peso das mulleres aumenta en relación directa coa idade.

A cohorte de idade que presenta o valor máis alto de paro rexistrado no ano 2007 é o da poboación de idades comprendidas entre os 30 e os 44 anos, acadando un 35,90% do total, seguido polo desemprego correspondente aos tramos de idade de 16 a 29 anos, cun 22,81%.


Este último grupo de idade é o que experimenta un descenso máis acentuado (-15,15% de variación media anual dende 2005 a 2007). Porén, hai que sinalar que este dato non ten por que gardar necesariamente relación directa cun aumento do volume de emprego xuvenil, senón que tamén pode ser debido a factores como, por exemplo, un descenso da poboación activa xuvenil.

Aínda que os datos máis elevados de paro se rexistran nos segmentos de xente con idades inferiores a 44 anos, destacamos o feito de que nos últimos tres anos a porcentaxe de desempregados maiores de 45 anos sobre o total estea a aumentar significativamente. Como vemos na seguinte gráfica, perden peso os parados menores de 30 anos sobre o total, mantéñense os de idades intermedias e os desempregados de maior idade xa supoñen en 2007 un 41,29% do volume total.

Distribución dos parados por grupos de idade. Galicia. 2005



Distribución dos parados por grupos de idade. Galicia. 2007



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

Non podiamos deixar de comentar a evolución que se está a producir en Galicia en canto ao desemprego de poboación estranxeira, colectivo que en moitos casos se ve como fundamental para corrixir o tema do envellecemento do mercado laboral. A nosa comunidade sitúase entre as que menos traballadores foráneos ten no mercado e, en consecuencia, a que menos paro rexistrado amosa nesta poboación, alcanzando en torno a 6.500 desempregados non comunitarios con data do 31 de decembro de 2007. Deles, o 60% concéntrase no intervalo de idade de 30 a 50 anos. Este colectivo, ao traballar principalmente en actividades afectadas polos ciclos económicos (construción, hostalaría...), unha vez integrados na nosa sociedade, poden chegar a ser os máis afectados polas tendencias que experimente o desemprego.

En definitiva, podemos concluír esta análise do paro por idades afirmando que no ano 2007 atopamos unha proporción nada desdeñable de persoas desempregadas entre os 45 e os 64 anos, sobre todo mulleres que son as que seguen a sufrir taxas de paro máis altas. Hai que ter en conta que cando o desemprego lle afecta a unha persoa de máis de 50 anos, a probabilidade de que se trate de paro de longa duración é moito máis alta que no caso da poboación máis nova.

Así o podemos observar no perfil de parado de longa duración de máis de 25 anos en Galicia para o ano 2007:

Perfil parado de longa duración maior de 25 anos. Ano 2007. Galicia


Descrición	Perfil tipo
Sexo	Muller
Grupo de idade	55 a 59
Nivel académico	Ata certificado de escolaridade
Sección da clasificación CNAE	Industria manufactureira

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

PARO REXISTRADO NO ÁMBITO PROVINCIAL

Se nos centramos agora nos datos das provincias galegas, observamos como as maiores porcentaxes de parados rexistrados maiores de 55 anos no ano 2007 en Galicia recaen na Coruña e Pontevedra, acadando entre as dúas un 73% do total.


Distribución da poboación parada maior de 55 anos. Porcentaxes. 2007



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

Analizando a distribución de parados por dous grandes grupos de idade (16 a 44 anos e maiores de 45) nos mesmos territorios, vemos como os resultados nos ofrecen unha visión distinta á anterior. En Ourense a porcentaxe de poboación desempregada maior de 45 anos acada un 48% sobre o total de parados na súa provincia, dato que se afasta bastante da media galega para as mesmas idades.

Peso dos parados por grandes grupos de idade. 2007



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

PARO REXISTRADO NO ÁMBITO COMARCAL

As cinco comarcas galegas que presentan unha porcentaxe máis elevada de persoas paradas maiores de 55 anos en relación cos parados totais da súa comarca no ano 2007, son:

Ano 2007 Comarcas Galegas	% Parados maiores de 55 anos en relación co total de parados da comarca
Terra de Celanova	34,79
A Baixa Limia	33,82
A Limia	33,36
Viana	32,96
O Ribeiro	31,53

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

Atopamos unha relación directa entre as comarcas que maior porcentaxe presentan de poboación parada maior de 55 anos dentro do seu volume de desemprego e as que reflicten maiores índices de envellecemento na composición da súa poboación. Aínda así, non é significativa a proporción destes parados na totalidade de desempregados de Galicia para estas idades.


As cifras máis altas de persoas desempregadas veteranas concéntranse en cinco das sete grandes cidades de Galicia.

Ano 2007 Comarcas Galegas	% Parados maiores de 55 anos sobre o total de parados desas idades en Galicia
Vigo	17,32
A Coruña	13,7
Ourense	5,96
Ferrol	5,88
Santiago	5,07

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

En canto ao nivel de estudos da poboación parada da comunidade galega por grandes grupos de idade, vemos como, a medida que aumenta a idade dos desempregados, diminúe o nivel de estudos. No ano 2007, o 62% da poboación parada maior de 45 anos ten estudos de ensino obrigatorio ou titulación inferior. Este convertese nun dato significativo, xa que, como mencionamos ao comezo deste bloque, case a metade do paro rexistrado en Galicia atópase nese tramo de idade.

Paro rexistrado por nivel de estudos e grupos de idade. Galicia 2007



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia.

A educación representa un papel crucial cando unha persoa sae do mercado laboral para estar desempregada ou abandonar a poboación activa. Pode ser preocupante a existencia desta baixa cualificación, xa que este tipo de transicións acostuman ser irreversibles, especialmente en idades avanzadas.

Por último, se nos referimos ao paro rexistrado por sectores de actividade, nos catro grupos de idade analizados o maior volume de desemprego para os maiores de 55 anos pertence ao sector servizos, feito que se repite da mesma maneira nos demais tramos de idade.

Parados por sectores de actividade e grupos de idade. Porcentaxe. Ano 2007. Galicia.

	16-29	30-44	45-54	55-64
Sector primario	1,95	3,08	4,46	3,62
Sector secundario	10,94	15,04	18,08	20,27
Sector construción	8,76	9,70	11,68	14,74
Sector servizos	52,32	62,01	52,87	48,60
Sen emprego anterior	26,03	10,18	12,90	12,78
Total	100	100	100	100

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.

Se ampliamos a visión tomando como referencia a cohorte de idade inmediatamente inferior, o sector servizos ten, segundo os últimos datos ofrecidos polo Servizo Público de Emprego, 32.494 persoas desempregadas maiores de 45 anos, o que supón un 38% do total de parados que se rexistran nese sector. Pola contra, aínda que o sector primario presenta un número total de 2.593 persoas inscritas como paradas nese mesmo tramo de idade, unha cifra sensiblemente menor que a anterior, en termos porcentuais supón un 52% do total de desempregados neste sector.

4.5. AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL

Para poder realizar unha mellor contextualización do volume e composición do desemprego, é importante analizarlo en relación coas características da afiliación en Galicia.

Media anual de afiliados por grupos quinquenais de idade e sexo.
Datos absolutos. Porcentaxe. Ano 2007. Galicia.


	Homes	Mulleres	TOTAL	%
Non consta	48	37	85	0,01
16-19	10.415	4.314	14.729	1,38
20-24	42.641	31.144	73.785	6,89
25-29	74.656	64.672	139.328	13,02
30-34	88.818	72.953	161.771	15,12
35-39	85.227	65.475	150.702	14,08
40-44	79.202	59.765	138.967	12,99
45-49	75.495	55.486	130.981	12,24
50-54	63.007	45.694	108.701	10,16
55-59	49.555	35.083	84.638	7,91
60-64	33.784	25.499	59.283	5,54
≥ 65	3.963	3.203	7.166	0,67
TOTAL	606.811	463.325	1.070.136	100,00

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Se observamos a evolución nos últimos anos da media anual de afiliacións rexistradas na Seguridade Social en Galicia, constatamos un incremento efectivo destas en todos os grupos de idade.

É relevante o crecemento experimentado dende o ano 2004 polas persoas afiliadas de 45 a 54 anos (un 13,60% máis nos últimos 3 anos) e polos maiores de 55 anos (un 9,52% máis). No mesmo período, as persoas afiliadas menores de 30 anos soamente crecen un 1,82%.

**Variación relativa afiliados en Galicia por grupos de idade.
2004-2007. Porcentaxe**



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Elaboración propia.

Tal como acontecía cos datos reflectidos na actividade e ocupación, as mulleres son as responsables desa tendencia positiva que se vén rexistrando. Dende o ano 2004, as afiliadas maiores de 45 anos (sobre todo as afiliadas entre 45 e 54 anos) incrementáronse en 22.065 persoas, mentres que os homes o fixeron nun total de 19.769.


Malia esas tendencias á alza no volume de afiliación, os maiores galegos (de máis de 60 anos) non supoñen unha porcentaxe significativa; de feito, soamente o 8,6% da poboación maior de 60 anos permanece afiliada no ano 2007, baixando esta porcentaxe a 1,19% cando falamos de maiores de 65 anos.

4.5.1. AFILIADOS AUTÓNOMOS

A maior proporción de persoas afiliadas no réxime de autónomos atopámola nas idades comprendidas entre os 35 e os 54 anos.

No entanto, o 27,29% dos afiliados galegos maiores de 55 anos no ano 2007 pertence ao réxime de autónomos; trátase do valor máis elevado dos grupos de idade analizados, xa que para o grupo de 45 a 54 a cifra é de 21,76%, para o de 30 a 44 anos é de 17,06%, e por último, da poboación afiliada menor de 30 anos, soamente o 8,89% pertence ao réxime de autónomos.


Distribución dos afiliados autónomos por idades en Galicia. Ano 2007



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A tendencia nos últimos catro anos fai presaxiar un aumento nas cifras de autónomos maiores con respecto aos máis novos, directamente relacionada co crecemento a nivel demográfico dos primeiros e a redución do volume dos segundos.

Variación dos afiliados autónomos en Galicia por grupos de Idade. Porcentaxe. Anos 2004 a 2007



Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Elaboración propia.

4.5.2 AFILIADOS ESTRANXEIROS

A afiliación á Seguridade Social e a contratación de traballadores estranxeiros incrementáronse exponencialmente nos últimos anos, tanto no territorio nacional en xeral como na comunidade galega.

Traballadores estranxeiros afiliados á Seguridade Social en alta laboral. Datos absolutos. Porcentaxe.

	Galicia		España	
	Afiliados estranxeiros	Porcentaxe	Afiliados estranxeiros	Porcentaxe
2002	12.566	1,36	766.472	4,75
2003	15.012	1,59	924.805	5,57
2004	18.690	1,93	1.048.229	6,14
2005	25.192	2,53	1.461.141	8,19
2006	31.954	3,10	1.822.406	9,79

Fonte: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais.
Imsero. Informe 2006. Las personas mayores en España. Boletín de estadísticas laborales de 2006.

En Galicia a proporción de afiliados estranxeiros supón no ano 2007 un 3,57% do total de afiliados (38.236 traballadores en total). Por provincias, a que experimentou un maior crecemento anual foi A Coruña, cun 28,25% de variación media anual dende o ano 2000, seguida de Pontevedra (25,70%), Lugo (25,19%) e, por último, Ourense cun 18,67% de incremento.

Segundo a Enquisa de Poboación Activa, do total dos case 81.500 estranxeiros (de ambos os sexos) que residen actualmente na nosa comunidade (padrón municipal de habitantes do ano 2007), aproximadamente 59.000 son persoas activas e de estas 50.000 son ocupadas, como reflicte o seguinte cadro.

Poboación de 16 ou máis anos de nacionalidade estranxeira segundo a relación coa actividade económica. Ano 2007. Galicia

	Poboación estranxeira
Total	81,5
Poboación activa	59
Poboación ocupada	49,8
Poboación parada	9,2
Inactivos	22,5

Datos en miles de persoas.
Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa.

Como xa observamos no apartado dedicado á demografía, a poboación que chega á nosa comunidade concéntrase nos tramos de idade que van dende os 20 aos 35 anos, e nestes intervalos é onde atopamos a maior parte de afiliación estranxeira.

En calquera caso, hai que precisar que os valores obtidos na nosa comunidade, lonxe de corrixir a situación de envellecemento que estamos a sufrir no mercado laboral, contribúen a atrasar os seus efectos. Habería que ter en conta que este colectivo de traballadores alcanzará a idade de xubilación entre os anos 2030 e 2040, 10 anos despois das xubilacións producidas pola maior parte da xeración nacida no *boom* de natalidade (recordemos que se trata da poboación nacida entre os anos 1957 e 1977).

4.5.3. RELACIÓN ENTRE AFILIADOS E PENSIONISTAS

En vista destes resultados, parece interesante facer unha comparativa da afiliación en Galicia, tanto nacional como da comunidade estranxeira, coa tendencia nos últimos anos que experimentan o número de pensionistas.

Relación entre afiliados e pensións contributivas no sistema da Seguridade Social e ratio afiliados por pensionista. Media anual.

	Galicia			España		
	Afiliados en situación de alta	Pensións en vigor	Ratio	Afiliados en situación de alta	Pensións en vigor	Ratio
1999	851,20	660,00	1,29	14.345,10	7.509,40	1,91
2000	880,10	667,40	1,32	15.062,60	7.598,50	1,98
2001	904,30	673,90	1,34	15.649,90	7.677,90	2,04
2002	923,90	679,00	1,36	16.126,30	7.745,90	2,08
2003	947,10	683,20	1,39	16.613,50	7.819,40	2,12
2004	970,30	685,40	1,42	17.081,70	7.878,80	2,17
2005	997,70	689,70	1,45	17.835,50	7.979,60	2,24

Datos en miles de persoas.
Fonte: MTAS. Imserso. Informe 2006. *Las personas mayores en España*.
Boletín de estadísticas laborais de 2006.

Os datos oficiais do Ministerio de Traballo revelan que na nosa comunidade hai pouco máis dunha persoa cotizante á Seguridade Social por cada persoa xubilada cunha pensión en vigor, proporción que non se cumpre en moitas zonas de Lugo e Ourense. A situación mantense sostida grazas aos maiores niveis de emprego e renda do eixe atlántico.

A pesar de que os valores resultan máis óptimos no conxunto do Estado, tanto España como Galicia enfróntanse ao importante reto de adaptar o seu mercado laboral e os sistemas de Seguridade Social a todos os cambios que se están a producir e que serán moito máis vertixinosos nos vindeiros anos, como veremos no apartado de proxeccións.

4.6. CONTRATOS

O volume de contratación en Galicia experimenta unha tendencia positiva nos últimos 8 anos en todos os tramos de idade. O colectivo que maior incremento de contratación presenta dende o ano 1999 é o das mulleres, sobre todo nas idades que van dende os 45 anos, destacando o feito de que unha gran parte de contratos parciais (tanto temporais como indefinidos) teñen unha maior incidencia nas mulleres destas idades. A pesar desta tendencia, é significativo observar como descende o volume de contratación feminina con respecto aos homes a partir dos 55 anos. No ano 2007 os contratos a mulleres supoñen menos da metade dos que se lles realizan aos homes no mesmo tramo de idade.


Contratos realizados por grupos de idade e sexo. Datos absolutos. Porcentaxe. Galicia

	1999				2007				Variación media anual		
	Homes	Mulleres	Total	%	Homes	Mulleres	Total	%	Homes	Mulleres	Total
16-29	211.641	145.544	357.185	54,46	222.856	198.628	421.484	48,75	0,65	3,96	2,09
30-44	129.353	90.457	219.810	33,52	161.219	155.871	317.090	36,67	2,79	7,04	4,69
45-54	39.937	20.859	60.796	9,27	52.488	44.038	96.526	11,16	3,48	9,79	5,95
55 e máis	13.853	4.196	18.049	2,75	19.679	9.853	29.532	3,42	4,49	11,26	6,35
Total	394.784	261.056	655.840	100,00	456.242	408.390	864.632	100,00	1,83	5,75	3,52

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia

Os contratos realizados á poboación menor de 30 anos pasan de representar un 54,46% da actividade contractual de 1999 a ser un 48,75% no 2007; aínda así, é nas idades máis temperás onde se seguen a realizar a maior parte dos contratos. Analizaremos a continuación a súa tipoloxía.

Evolución contratos por grandes grupos de idade. % Galicia.



Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia

A temporalidade segue a ser a norma habitual na modalidade de contratos que se están a efectuar en todos os tramos de idade. Do total de contratos formalizados no ano 2007 (864.632), só o 11,41% teñen carácter indefinido (tanto en xornadas a tempo parcial como completas), fronte ao 84% realizados de modo temporal.

O 79,78% dos contratos realizados a persoas maiores de 55 anos no ano 2007 caracterízanse tamén pola temporalidade, cobrando nos últimos anos certa relevancia a modalidade de contratación a tempo parcial para os traballadores de idades máis veteranas. Esta é unha tendencia que se está a producir tamén no resto do Estado e a nivel europeo, onde o traballo a tempo parcial é cuberto xa nun 25% por traballadores de máis idade. Pódese entender esta opción como unha forma de transición cara á xubilación, moito máis próxima para a xente que se atopa nestes tramos de idade.

Igualmente, hai que ter en conta a idea que moitos estudos achegan: a de que se poden conseguir incrementos nas taxas de actividade dos maiores aumentando a posibilidade de traballar a tempo parcial.

Evolución da contratación por dous grandes grupos de idade. Galicia.

Tipo de contrato		2003	2004	2005	2006	2007
Menores de 55 anos	Indefinido	46.104	48.308	54.606	75.845	78.034
	Indefinido tempo parcial	11.807	13.495	12.099	16.034	16.802
	Temporal	473.339	477.722	490.822	515.312	523.752
	Temporal tempo parcial	138.778	153.064	159.728	175.561	178.488
	Prácticas/Formación	21.630	20.800	20.355	20.017	19.708
	Outros	29.704	28.466	27.524	26.967	18.316
	Total menores de 55 anos	721.362	741.855	765.134	829.736	835.100
55 anos e máis	Indefinido	1.968	2.047	2.594	3.067	3.257
	Indefinido tempo parcial	360	395	561	649	615
	Temporal	15.476	16.139	16.781	17.334	18.097
	Temporal tempo parcial	2.910	3.610	4.185	4.807	5.465
	Prácticas/Formación	233	190	145	164	219
	Outros	1.363	1.787	1.828	1.837	1.879
Total maiores de 55 anos		22.310	24.168	26.094	27.858	29.532
Total xeral		743.672	766.023	791.228	857.594	864.632

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia. Elaboración propia.


O 42% dos contratos efectuados en Galicia no ano 2007 a persoas maiores de 55 anos rexístranse na provincia da Coruña (12.394 para ambos os sexos), seguido do 37,72% pertencente a Pontevedra. A pesar de que as provincias do interior (Lugo e Ourense) son as que presentan uns valores de envellecemento de poboación maiores, a contratación de persoas de idade máis avanzada segue a levarse a cabo nas provincias do eixe atlántico, sendo estas as que presentan un maior dinamismo económico e un tecido produtivo máis desenvolvido.

Na actualidade aínda existe unha tendencia a considerar que, unha vez superados os 50 anos, un traballador empeza a perder certa produtividade para as empresas. A realización dos chamados **contratos de relevo** (realizados a persoas menores de 30 anos en tempo parcial, para compartir a xornada laboral coa persoa que está máis próxima á xubilación) axudan a crear un punto de encontro entre eles e a aproveitar todos os coñecementos e experiencia acumulada que o traballador máis veterano pode ofrecer.

No ano 2007, en España realizáronse 2.886 contratos deste tipo. Soamente un 4,6% deles se efectuaron na comunidade galega, segundo datos do Servizo Público de Emprego.

4.7. SALARIOS


Como podemos observar, os salarios medios anuais aumentan en proporción directa coa idade, excepto no caso galego, que no último tramo, para os maiores de 55 anos, diminúe.



Fonte: INE, enquisa de estrutura salarial
Unidade: Salario bruto anual en euros

Os gastos elevados en concepto de salarios que supoñen nalgúns casos os traballadores maiores adoitan ser vistos como un factor negativo no noso mercado laboral. É probable que o estancamento dos salarios en idades máis altas sexa, precisamente, o resultado da saída da actividade dos traballadores máis remunerados.

Salarios por grupos de idade e sexo. Ano 2005. Galicia.



Fonte: INE, enquisa de estrutura salarial

En todos os tramos de idade, os salarios son máis elevados para os homes que para as mulleres, pero esta diferenza faise máis evidente cando analizamos as cohortes de idade por riba dos 45 anos.

4.8. RESERVA DE MAN DE OBRA

Estudos recentes fan fincapé na existencia de importantes bolsas ou reservas de poboación potencialmente activa (así as caracterizou recentemente EUROSTAT), as cales, se a situación económica o permite, poderían incorporarse ao mercado laboral, mitigando así, aínda que non por completo, os efectos que o envellecemento está a producir na situación laboral.

En Galicia este é un tema a ter en conta, aínda en maior medida se cabe, xa que, como puidemos observar, a chegada de inmigrantes, vista en moitos casos como unha posible solución ao problema, é menor que noutros territorios.

Esta reserva de man de obra atopariámola nos seguintes colectivos:

GALICIA 2007	Inactivos (EPA)	Parados (SPEG)	Total
Poboación de 16 a 34 anos ambos os sexos	206,1	55,5	261,6
Mulleres de 35 a 54 anos	113	45,3	158,3
Homes de 55 a 64 anos	68,9	13,7	82,6
Mulleres de 55 a 64 anos	111,3	17,5	128,8
Total	499,3	132	631,3

Datos: miles de persoas.

Fonte: Servizo Público de Emprego de Galicia . Instituto Nacional Estatística. EPA.

No ano 2007, activar todas estas reservas de man de obra en Galicia significaría unha poboación activa de 1.923.300 persoas (segundo os datos da Enquisa de Poboación Activa). En relación coas 598.283 persoas de máis de 65 anos, suporía unha ratio de 3,21 activos por cada persoa en idade de xubilación. O dato actual é de 2,16 no conxunto da comunidade.

● 5. Proxeccións demográficas e de actividade


5.1. PROXECCIÓNS DEMOGRÁFICAS

Os datos que se utilizan neste apartado están baseados nas proxeccións elaboradas polo Instituto Galego de Estatística segundo o censo de 2001, considerando tres escenarios de evolución para un período de 49 anos no caso da proxección da poboación galega e 15 anos para as evolucións da poboación nas provincias galegas.

O escenario que se denomina como medio³ é o que se toma como referencia neste estudo para a análise dos futuros datos demográficos en Galicia. As grandes diferenzas entre os escenarios responden fundamentalmente ás hipóteses de migración e, en menor medida, ás de fecundidade.

As proxeccións de poboación que levan a cabo as Nacións Unidas para o ano 2050 calculan que España será o primeiro país máis vello de Europa, e o terceiro do mundo, cun 34,1% de poboación maior nese mesmo ano, estando por diante soamente Xapón e Italia. Outros organismos internacionais con novos datos, revisados no ano 2005, mostran proxeccións moi similares ás da ONU.

A situación futura de Galicia parece ser aínda máis preocupante que a do conxunto do Estado. Persiste a longo prazo unha redución constante da poboación en xeral, sobre todo a partir de mediados da segunda década deste século, todo iso a pesar de incrementarse a fecundidade nos últimos anos e ter un fluxo de inmigración nas próximas cinco décadas de máis dun millón de persoas segundo as predicións deste escenario.



Fonte: IGE, Proxección da poboación de Galicia

³ Metodoloxía IGE. Proxección da poboación de Galicia.

O crecemento natural será negativo na nosa comunidade incluso para os supostos máis favorables de fecundidade e da existencia de importantes fluxos migratorios. A natalidade non poderá compensar o incremento das defuncións debido ao envellecemento da poboación.

Quizais este último tema sexa o máis relevante para a nosa comunidade. Fronte á perda de poboación constatada en todas as cohortes de idade ata o ano 2051, destaca o aumento progresivo que vai experimentar Galicia de persoas de máis de 65 anos. A metade de século prevese que este colectivo aumente en 251.410 persoas, pasando a representar así o 35,2% da poboación galega total (na actualidade representa un 21,5%). Os maiores incrementos vanse producir entre aquelas persoas que teñen máis de 85 anos, o que provoca un sobreenvellecemento da propia poboación anciá.

Variacións de poboación Galicia 2007-2051 (escenario medio)

	Total	Homes	Mulleres
TOTAL	-360.793	-181.585	-179.208
0-19	-52.489	-27.962	-24.527
20-44	-407.077	-203.248	-203.829
45-64	-152.637	-74.242	-78.395
65 e máis	251.410	123.867	127.543

Fonte: IGE. Proxección da poboación de Galicia. Elaboración propia.


A curto prazo (ata o ano 2017), a proxección de poboación para as provincias galegas caracterizarase por unha escasa recuperación na cifra dos seus habitantes e por unha importante modificación da súa estrutura por idades (forte redución da poboación nova-adulta, intensificación do proceso de envellecemento e mantemento dos procesos de redistribución territorial). As maiores porcentaxes de poboación de 65 e máis anos sobre o total de poboación seguimos a atopalas nas provincias do interior, Lugo e Ourense.

Nos próximos quinquenios, acadaremos en Galicia unha proporción que reflicte claramente a situación do proceso de envellecemento que estamos a vivir: practicamente sete persoas maiores de 65 anos por cada neno menor de 4 anos. Esta proporción será aínda máis evidente nas provincias de Lugo e, sobre todo, en Ourense, acadando no ano 2017 a preocupante cifra de nove anciás por cada neno menor de 4 anos.

	Poboación 2007			Poboación 2017					
	Homes	Mulleres	Total	Homes	% Variación	Mulleres	% Variación	Total	% Variación
A Coruña	544.352	588.440	1.132.792	549.651	0,97	595.129	1,14	1.144.780	1,06
Lugo	172.422	182.754	355.176	157.953	-8,39	170.490	-6,71	328.443	-7,53
Ourense	162.026	174.900	336.926	155.695	-3,91	167.419	-4,28	323.114	-4,10
Pontevedra	458.359	489.280	947.639	465.689	1,60	496.501	1,48	962.190	1,54

Fonte: IGE. Proxección da poboación de Galicia. Elaboración propia.

Peso (%) dos grandes grupos de idade. Ano 2017



Fonte: IGE, Proxección da poboación de Galicia. Elaboración propia.

5.2. PROXECCIÓN DE ACTIVIDADE

As tendencias demográficas, loxicamente, repercuten na poboación en idade de traballar e, en consecuencia, na capacidade produtiva propia que podemos esperar obter nos próximos anos.

Debido á inercia destes fenómenos demográficos, e dada a estrutura actual da pirámide galega, é inevitable a caída de poboación potencialmente activa. Non hai que esquecer que a oferta de man de obra non depende só dos aspectos demográficos, senón tamén das taxas de participación no mercado laboral dos distintos grupos po-boacionais, entre outras cuestións.

Se falamos de poboación en idade de traballar (entre os 16 e os 64 anos), vemos como, sempre baseándose na proxección media establecida polo IGE, dende o ano 2007 ao 2051 Galicia perderá máis de medio millón de per-soas potencialmente activas. A razón desta perda de poboación nestas idades está en que as xeracións do *boom* de natalidade comezaron xa a alcanzar as idades de xubilación e así o seguirán facendo de maneira paulatina.

No ámbito europeo, segundo as proxección realizadas por EUROSTAT, a forza de traballo perderá cerca de 36 mi-llóns de efectivos ata o ano 2050, o que equivale á sexta parte dos actuais. En España esta cifra alcanzaría o total de, aproximadamente, 7 millóns de potenciais traballadores menos dos que se posúen no ano 2007.

O Instituto Galego de Estatística ofrécenos datos de proxeccións de actividade ata o ano 2017, tanto para Galicia como para as provincias galegas. A pesar da xa mencionada perda de poboación en idade de traballar a longo prazo, podemos observar a curto prazo dous períodos claramente diferenciados en Galicia no que se refire ao número de activos (neste colectivo tamén estarían incluídas as persoas consideradas activas de máis de 65 anos).

O primeiro iría ata o ano 2011, onde atopamos un crecemento sostido, e o segundo, a partir desta data, cun descenso continuado que provoca unha perda de 18.000 activos ata o ano 2017.

Proxeccións de poboación activa Galicia 2007-2017

	Total	Homes	Mulleres
2007	1.292.000	719.500	572.500
2010	1.339.482	738.884	600.598
2012	1.334.174	734.186	599.988
2014	1.338.643	735.923	602.720
2017	1.322.934	727.680	595.254

Fonte: IGE. Proxeccións de actividade.


O certo aumento do número de activos en Galicia a curto prazo é consecuencia maioritariamente do incremento que se espera que vaian experimentar as taxas de actividade das mulleres.

Nos últimos anos, como xa se vén comentando no informe, obsérvase un notable crecemento da forza de traballo feminina, cunha grande aproximación entre as taxas de ambos os sexos nos grupos de idade máis novos. Resulta así previsible un crecemento destes niveis de actividade baseado na incorporación ao mercado laboral de xeracións novas cun maior nivel de instrución.

Por tramos de idade, observamos como o proceso de envellecemento se traduce nun descenso paulatino do peso relativo das persoas activas adultas e novas e un aumento das de idade madura ata o ano 2017.

En Galicia, os traballadores activos maiores de 45 anos pasarán de ser o 34,60% do total no ano 2007 a supoñer o 42,80% dentro de 10 anos. Pola contra, os menores de 30 anos pasarán a representar nese mesmo ano soamente un 16,45% dese total.

Evolución da poboación activa en Galicia. Anos 2007 a 2017



Fonte: IGE, Proxeccións de actividade

Esta tendencia, que se trata xa dunha realidade na maioría dos países europeos, terá que ir acompañada da consideración por parte das empresas a contratar cada vez máis traballadores de maior idade, rompendo así os límites de idade establecidos á hora de realizar novas incorporacións.

Observando as taxas de actividade de Galicia, segundo as proxeccións establecidas polo IGE, vemos como nos próximos 10 anos a poboación menor de 20 anos será a única que experimente un descenso nos seus valores, e os maiores de 55, sobre todo os pertencentes ás cohortes de idade que van dos 60 aos 64 anos, serán os que sufran un maior incremento na súa actividade.


Evolución das taxas de actividade por grupos quinquenais de idade. Galicia

	2007			2017		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
16-19	24,2	32,8	15,3	23,7	31,2	15,7
20-24	58,2	66,1	50	66,3	70,7	61,8
25-29	85,5	87,4	83,6	87,9	89,8	85,9
30-34	87,6	92,9	82,1	89,3	94,1	84,4
35-39	85,5	93,9	77,1	88	95,4	80,5
40-44	83,1	91,7	74,8	86,9	95,4	78,6
45-49	81,9	91,8	72,3	83,1	93,1	73,3
50-54	72,9	84,8	61,4	79	91,4	67,1
55-59	57,1	69,7	45	66,6	78	55,9
60-64	33	42,8	24	43,3	51,7	35,5
65 e máis	2,4	3,8	1,4	4	5,4	3

Fonte: IGE. Proxeccións de taxas de actividade.

Por provincias, Lugo, seguida de Ourense, son as que presentan no ano 2017 unhas taxas de actividade máis elevadas para os maiores de 55 anos. Pontevedra destaca tamén, aínda que pola relativamente alta actividade dos máis novos, acadando unha cifra de 53,3% nos próximos 10 anos.

Taxas de actividade 2017



Fonte: IGE, Proxeccións taxas de actividade

● 6. Conclusións

Estamos nunha sociedade que envellece dun xeito progresivo. Iso é un feito innegable e así o quixemos poñer de manifesto neste informe. Trátase dun proceso que non é novidoso e que está ocorrendo non só coa poboación que conforma a nosa Comunidade Autónoma, nin sequera é un “problema” soamente europeo, senón que se trata dun fenómeno mundial, aínda que tendo en conta que as súas consecuencias defiren entre países.

O envellecemento incide de maneira especial en Galicia. Vémolos coa análise da situación actual, a nivel demográfico e laboral, e a través das proxeccións realizadas. Están cobrando importancia a nivel político as consecuencias que para Galicia supón a dispersión territorial e a porcentaxe de poboación en idade de xubilación, produto deste envellecemento progresivo. En resumo, observamos como:

A nivel **demográfico**:

- Galicia pasa por ser unha comunidade marcada polas fortes correntes migratorias do pasado recente que aínda permanecen na actualidade. Este éxodo producido cara as grandes cidades, outras comunidades autónomas e incluso a fóra de España é de xente nova emigrada para buscar alternativas de traballo, feito que provoca unha forte despoboación das zonas rurais, unha concentración da poboación nun reducido número de municipios e, sobre todo, unha perda de poboación importante nos tramos de idade intermedia.
- Outro fenómeno aínda máis relevante e que depende directamente do anterior é a caída da fecundidade (desde aproximadamente os anos 70). Escasamente chegamos á cifra dun neno por muller en idade fértil no ano 2006. Este factor contribúe a un estancamento no crecemento da poboación e a un progresivo envellecemento dela.
- A esperanza media de vida incrementouse en Galicia dous anos nos últimos sete, sobre todo no caso das mulleres. Por termo medio, a poboación galega vive 80,8 anos, algo por encima da media española. No ano 1980 esa mesma esperanza de vida apenas era de 75 anos.
- A taxa de natalidade en Galicia, pese a que nos últimos anos está a experimentar unha lixeira melloría, é do 7,7 no ano 2006 (5,8 en Lugo e Ourense) e está situada entre as máis baixas das rexións europeas.
- Podemos apreciar cambios importantes na composición da estrutura poboacional por idades. En Galicia o peso dos maiores de 65 anos alcanza o 21,5% dos efectivos actuais (16,74% no conxunto do país). Pola contra, a xente máis nova (menores de 20 anos) supoñen un 16,1% no ano 2006 e todo fai prever que seguirá descendendo nos próximos anos. Isto fai variar a composición interna da dependencia; sobe a dependencia senil e descende a xuvenil. Cobran peso dentro do colectivo dos maiores galegos os de idades máis avanzadas, fenómeno producido por ese aumento da esperanza de vida, sobre todo no colectivo feminino.
- Por último, podemos denominar de “escasa” a contribución que a inmigración ten sobre a poboación galega. A porcentaxe de empadroados non comunitarios non chega ao 3% do total da nosa poboación, sete puntos por debaixo da media española.

A nivel **laboral**:

- O volume da poboación potencialmente activa (de 16 a 64 anos) en Galicia experimenta un escaso incremento anual, así como un cambio na súa estrutura interna, é dicir, aumenta o peso da poboación de maior idade a medida que transcorren os anos e decrecen na mesma proporción os efectivos de idades máis novas. Este fenómeno aínda cobra maior importancia nas provincias do interior da nosa comunidade.
- Apreciamos un forte decrecemento nas taxas de participación laboral dos traballadores maiores (de máis de 55 anos) dende mediados dos anos 70. No ano 2000 vese interrompida esa tendencia descendente, especialmente nos homes de 60 a 64 anos.
- A taxa de ocupación da poboación galega entre 55 e 64 anos sitúase no ano 2007 nun 41,53% (52,05% para os homes e 31,56% para as mulleres), valores que se presentan inferiores aos obtidos polo conxunto do Estado e a nivel europeo. Estas cifras, en conxunto, quedan aínda lonxe do obxectivo europeo establecido para o ano 2010 de obter o 50% de actividade para ese colectivo de idade, sobre todo no caso das mulleres nesas idades, converténdose no colectivo prioritario á hora de establecer medidas políticas de mantemento na oferta de man de obra e garantir a súa empregabilidade.
- A actividade feminina no mercado laboral galego segue sendo sensiblemente inferior á dos homes en todos os tramos de idade, sobre todo no que se refire ás idades avanzadas, onde as mulleres engrosan as cifras de poboación inactiva nas últimas enquisas. Cómpre ter en conta que estas mulleres pertencen a xeracións onde o desenvolvemento dunha actividade profesional continuada ao longo de toda a vida non era a situación maioritaria. Aínda así, pódese falar dun sucesivo incremento neses índices de actividade no transcorrer dos últimos anos, máis se cabe nas idades comprendidas entre os 45 e os 54 anos.
- A poboación xuvenil segue a ocupar no mercado laboral unha posición relativamente desfavorable en comparación coa dos adultos, xa que os índices de actividade que experimentaron un maior incremento nos últimos anos foron os das persoas de 45 a 54 anos, sector da poboación que está a soportar na actualidade gran peso da produtividade do noso mercado.
- Experimentamos un notable acurtamento da vida activa, xa que a poboación máis nova entra no mercado laboral entre os 25 e os 29 anos, e a tendencia a abandonalo segue estando en torno ás idades que van dos 50 aos 55 anos. Temos así unha carreira laboral de máximo 30 anos cando a esperanza de vida actual en Galicia pasa dos 80. Nunha situación de elevadas taxas de desemprego, os traballadores de máis idade veñen sendo “invitados” a abandonar o mercado de traballo e así deixar paso aos traballadores máis novos. Este factor protagoniza o debate europeo en torno á xustificación do recurso das prexubilacións.
- Tamén nas cifras de desemprego se deixan notar os efectos do envellecemento. No ano 2007, o 42% dos parados rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia son maiores de 45 anos, e máis do 60% deles son mulleres. A porcentaxe de parados maiores de 55 anos é dun 20% sobre o total (creceu 4 puntos nos últimos tres anos), feito que non deixa de ser preocupante se temos en conta que este colectivo ten moita máis dificultade de inserción que a poboación máis nova.
- Os sectores primario e servizos son os que ofrecen uns valores máis elevados de poboación parada maior de 55 anos. Poderíamos afirmar que teñen un desemprego máis envellecido.
- No ano 2007 o 27% das persoas afiliadas en Galicia maiores de 55 anos pertencen ao réxime de autónomos, o valor máis elevado entre todos os tramos de idade analizados.

- En Galicia obtemos unha porcentaxe aínda reducida de afiliación estranxeira no último ano (en torno a un 3% do total); aínda así, o crecemento nos últimos 5 anos pódese cualificar como exponencial, pasando de 15.000 persoas no ano 2003 a case 40.000 no pasado 2007. Malia que a maior parte desta poboación ten idades intermedias e axuda dalgún xeito a rexuvenecer o mercado de traballo galego, non podemos dicir que supoña unha solución efectiva ao problema do envellecemento, senón que máis ben o que implica é un certo atraso dos seus efectos.
- Na actualidade atopamos en Galicia pouco máis dunha persoa cotizante á Seguridade Social por cada xubilado, proporción que aínda resulta máis axustada nas provincias de Lugo e Ourense.
- Un dos obxectivos europeos marcados tamén para o ano 2010 era incrementar en cinco anos a idade media de xubilación. No ano 2000 a media en España era de 60 anos e seis anos despois, no 2006, increméntase ata os 62 anos (61,3 a nivel europeo).

As **proxeccións** elaboradas ofrecen os seguintes datos para Galicia nos vindeiros anos:

- **Non existe unha renovación xeracional**, é dicir, a poboación galega que agora ten entre 40 e 60 anos non será substituída pola cohorte xeracional inmediatamente inferior (entre 15 e 39 anos). Este fenómeno é aínda máis preocupante na zona rural de Galicia.
- O aumento das taxas de natalidade experimentado nos últimos anos na nosa comunidade, xunto coa escasa chegada de persoas estranxeiras, non resulta suficiente para mellorar a **situación de envellecemento** en que nos atopamos e que será aínda maior nos vindeiros anos.
- Un dato significativo é que, no ano 2051, o 35,2% da poboación galega terá máis de 65 anos. Comparativamente, o 12% da poboación estará entre os 0 e os 14 anos, mentres que o 12,5% será maior de 80 anos.
- **Aumentará o índice de dependencia**. A proporción crecente de poboación maior leva inevitablemente a un incremento das persoas economicamente dependentes e a un aumento do custo económico e fiscal derivado, que recae na poboación activa, colectivo que cada vez é máis reducido e envellecido.
- Efectivamente, redúcense a longo prazo os activos entrantes, é dicir, **o índice de recambio da forza de traballo será deficitario no futuro**. Hai que ter en conta que a poboación nacida nos anos do *baby boom* está empezando a chegar á idade de xubilación, e que este fenómeno terá a súa maior repercusión no ano 2020. Antes desa data seguiremos experimentando un moi leve crecemento na poboación activa, mantida así, sobre todo, polo incremento nas taxas de actividade feminina e pola chegada, que se prevé cada vez maior, de traballadores inmigrantes.

A maior parte destas pautas de comportamento estanse a repetir en todos os países europeos, polo que recentemente se levaron a cabo unhas Xornadas Internacionais sobre o Envellecemento (outubro de 2007), organizadas polo Consello Económico e Social (CES), onde expertos sobre o tema debateron acerca do que para eles é “un dos maiores retos afrontado polos países europeos”.

As **directrices europeas** recomendadas, algunhas xa postas en práctica, recollidas nestas xornadas serían:

- Capacitar o mercado laboral para poder dar resposta ás consecuencias do envellecemento, con actuacións tales como:
 - Poñer especial atención na redución do desemprego das persoas de idade.
 - Mellorar a súa empregabilidade.
 - Incrementar as taxas de actividade da poboación maior.
 - Eliminar as barreiras discriminatorias por razón de idade, etc.
- Adoptar medidas que incrementen a idade efectiva en que as persoas deixen de traballar, posibilitando procesos de xubilación gradual e flexible (medidas como desincentivar as xubilacións anticipadas, bonificar a permanencia no mercado laboral, favorecer a compatibilidade traballo/pensión, etc.).
- Promoción do traballo decente e produtivo como a mellor maneira de garantir unha protección social universal e ofrecer mellores oportunidades á hora de prolongar a vida laboral do adulto en condicións dignas (horarios flexibles e traballo compartido).
- Facilitar a integración dos inmigrantes no noso sistema de mercado de traballo.
- En definitiva, un maior éxito das estratexias integrais do que se vén denominando como **“envellecemento activo”**. Este termo cobra importancia no ano 2002 con ocasión da Asemblea Mundial das Nacións Unidas sobre o envellecemento. Tanto para a OCDE como para a UE, significa que os traballadores permanezan no mercado laboral durante máis tempo, feito que terá que ir acompañado dun cambio cultural global na sociedade e supoñer:
 - Máis esforzos en formación de traballadores de idade.
 - Reforzo das cualificacións e habilidades durante o ciclo vital.
 - Perspectiva de ciclo vital.
 - Consciencia de cambio demográfico e o seu impacto.
 - Sinerxía de medidas preventivas e activadoras.
 - Mecanismos de seguimento e avaliación de políticas e estratexias.
 - Xeración de cambio de actitudes e de cultura sobre o traballo e a vellez.

A permanencia no mercado de traballo máis alá da idade de xubilación coméntase que pode proporcionar unha dobre vantaxe para o sistema da Seguridade Social. Cada traballador continuaría achegando recursos financeiros ao sistema a través das cotizacións sociais e, ao mesmo tempo, aforraría parcial ou completamente o custo da súa pensión.

Para os traballadores maiores, as vantaxes que significarían serían distintas; entre outras, que as rendas de traballo adoitan ser superiores ás pensións ou a cuestión de que o feito de non xubilarse supón manter as formas de vida habituais, usos do tempo e redes de sociabilidade.

Para rematar, volvendo ao contexto galego, sería interesante destacar dous apuntamentos relacionados co futuro da nosa sociedade e que poden chegar a ser obxecto de próximos estudos:

- Por unha parte, cando se analiza o impacto e repercusións do envellecemento demográfico e mercado laboral, inevitablemente, como vimos neste informe, xorde a asociación a outro fenómeno como son as migracións.

Os fluxos migratorios están suxeitos ás leis do mercado, que nun mundo cada vez máis interdependente están expostas a continuos cambios. Ademais dos condicionantes concretos de ter un contrato de traballo, están todos os demais aspectos de integración social e cultural, nalgúns casos complexos, e que son procesos que na súa dinámica teñen tanto beneficios como dificultades que non son fáciles de analizar e prever.

Tal como puidemos observar nos apartados anteriores, Galicia ten unha cifra relativamente baixa de inmigrantes. Esta situación, xunto co aspecto dos retornados, requiriría unha análise a curto e longo prazo para ver o seu potencial e o seu encaixe no problema do envellecemento.

- Outra tendencia nas análises do envellecemento é a perspectiva económica como eixe principal para o afrontamento dos problemas e a procura de solucións, pero hai que ter en conta tamén as implicacións culturais e sociolóxicas, as cales van ter un peso decisivo no éxito do redeseño do mercado de traballo para equilibrar o desexado relevo xeracional e os niveis de cualificación necesarios para manter unhas economías que, para poderen competir, deberán posuír altos niveis de xestión do coñecemento.

● 7. Fontes bibliográficas

- CONSELLERÍA DE TRABALLO. 2007. *Informe do paro rexistrado*.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. 2007. *Panorama demográfico de Galicia 2006*.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA. 2007. *Datos estadísticos básicos de Galicia. 2006*.
- FERNÁNDEZ, A.; ZAIDI, A.; HUNT, J. F.; MESONERO, F. 2007. *Jornada sobre el envejecimiento de la población organizada por el Consejo Económico y Social*.
- MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES. 2006. *Informe 2006. Las personas mayores en España. Datos Estadísticos Estatales y por Comunidades Autónomas*.
- OLIVER ALONSO, J. 2006. GENERALITAT DE CATALUNYA. *España 2020: Un mestizaje ineludible*.
- IZQUIERDO ESCRIBANO, A. 2006. *Demografía de los extranjeros. Incidencia en el crecimiento de la población*. Fundación BBVA.
- GUILLÉN ESTANY, M. 2006. *Longevidad y dependencia en España. Consecuencias sociales y económicas*. Fundación BBVA.
- PÉREZ ORTIZ, L. 2005. *Las consecuencias del envejecimiento de la población. El futuro del mercado de trabajo*. En *Boletín sobre el Envejecimiento del Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*, nº 20.
- ALMARCHA BARBADO, A. 2001. *“Migración y envejecimiento en relación con el mercado de trabajo en Galicia”*, en *Los problemas demográficos en el cambio de siglo*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- PRECEDO LEDO, A. 2001. *“¿Un nuevo escenario geodemográfico para la Galicia del siglo XXI?”*, en *Los problemas demográficos en el cambio de siglo*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- CONSEJO ECONÓMICO Y SOCIAL. 2000. *Vida laboral y prejubilaciones*.

Fontes estatísticas

PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES: Instituto Galego de Estatística.
Instituto Nacional de Estadística.

ENQUISA DE POBOACIÓN ACTIVA: Instituto Galego de Estatística.
Instituto Nacional de Estadística.

SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA.

SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL.

EUROSTAT: Oficina Estatística da Unión Europea.

MINISTERIO DE TRABAJO Y ASUNTOS SOCIALES. Estadísticas anuais.

OBSERVATORIO DE PERSONAS MAYORES (IMSERO). Páxina de datos e estatísticas.



FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Formación e Colocación

